

ELMADA

Revista da Sociedade Liceo de Noia - nº 1 Agosto 2000



Restaurante ALBORES (Chola e Vitolo)

Especialidade en:

**EMPAÑADAS
RAPE Á LORENA
GRELOS Á ROSALÍA
FABAS CON PULPO
CALAMARES DA RÍA**

... e outras exquisites

VIÑOS DO RIBEIRO e ALBARIÑO DE COLLEITA

Escultor Ferreiro, 28 - Telf.: 981 82 01 52


BABILONIA

rúa do cantón • Teléfono: 981 82 06 55

LUGAR NOVO



rúa de galicia • Teléfono: 981 82 34 14



**Escultor Ferreiro, 34
Telf.: 981 82 01 15
NOIA - (A Coruña)**

FERRETERÍA – CERRAJERÍA

CEBOLEIRO

Juana Fernández Caamaño

**Rúa Calvario, 17
Telf.: 981 82 02 24
15200 - NOIA - A Coruña**



RENAULT

Nos movemos para que no pares...



Movipass

Programa flexible de servicios que comprenden desde asistencia gratuita durante tres años hasta un todo incluido.

Asistencia 24 h.

24 horas al día. 365 días al año
900 365 000

Vehículo de Sustitución

Garantizamos su movilidad: mientras nos deja su coche le entregamos otro a un coste mínimo.

Menú Amarillo

Operaciones de mantenimiento sin cita previa y a precios cerrados.

...Y para que el futuro te llegue antes



Servicio Oficial Renault en Noia

AUTOMOCIÓN EMILIO S. L.

Ctra. Padrón, 7 – TF.: 981 823 101

Móvil: 606 44 33 84

Alameda

Presentación

nº 1



EDITA:

Sociedade Liceo
Alameda s/n
15200 Noia - A Coruña
Tef./fax: 981 82 05 35

COORDINADOR:

Cándido M. Prego Rajo

CONSELLO DE REDACCIÓN:

José Agrelo Hermo
Ramón Carredano Cobas
Mª Antonia Castro Patiño
José Ramón García García
Pedro García Vidal
A. Ventura González Arufe
Aurora Marco López
Xosé Moas Pazos

DESEÑO CAPA:

Alfonso Costa

GRAVADO CAPA:

S. Oviedo

DESEÑO GRÁFICO:

Xosé L. Ces Laíño

IMPRESIÓN:

Gráficas Sementeira, S. A.

Telf.: 981 82 38 55

Fax: 981 82 05 35

E-mail: sementeira@arrakis.es

DEPÓSITO LEGAL:

C-888-2000



punto de finalizar este milenio, a Sociedade Liceo inicia unha páxina fundamental da historia de Noia coa presentación da revista Alameda, feito do que damos conta en páxinas interiores. O corazón de todos os socios e socias do Liceo latexa coa acolledora noticia da publicación do número 1 que abre o camiño dunha iniciativa cultural que esperamos e desexamos de longa andadura. Para que este anejo se faga realidade temos a certeza de contar cun bo barco e unha magnífica tripulación que, de seguro, nos conducirá ao porto que todos arelamos: que a nosa revista se convierta en referencia cultural da antiga vila de Noia.

Esta iniciativa da xunta directiva representa un paso máis na idea de converter o noso Liceo no principal referente da vila. Por iso, agardamos o apoio de todos os socios e socias e non dubidamos que os máis de 2.600 noieses que compoñen a familia liceista van dar o pulo definitivo para que a nosa vila non se atope no furgón de cola da comarca.

Nesta semana grande das festas de San Bartolomeu, ofrecemos un amplio abano de actividades (recitais, teatro, concertos, exposicións, baile galego) para finalizar o día 28 coa celebración do 72 aniversario da fundación da nosa Sociedade.

A xunta directiva ten a esperanza de que nestas festas do ano 2000, unha vez máis, disfruten todos con ledicia no marco do noso Liceo. ■

José Moas Pazos
Presidente da Sociedade Liceo

Buzón do socio

Sumario

| | |
|---------------------------------|----|
| Buzón do socio | 2 |
| Axenda | 3 |
| <i>Cándido M. Prego Rajo</i> | |
| A Coral | 10 |
| <i>Domingo Barreiros Lago</i> | |
| Historia do Liceo | 12 |
| <i>Ramón Carredano Cobas</i> | |
| Pinceladas Sanitarias | 14 |
| <i>Víctor Vez Vilar</i> | |
| Entrevista | 16 |
| <i>Carlos E. López Crespo</i> | |
| O ensino en Noia | 20 |
| <i>José Agrela Hermo</i> | |
| Xeografía | 23 |
| <i>Pedro García Vidal</i> | |
| Carta Puebla | 30 |
| Personaxes | 32 |
| <i>Aurora Marco</i> | |
| Historia | 38 |
| <i>Xerardo Agrafoxo</i> | |
| Cancións de Noia | 42 |
| <i>Prudencio Romo</i> | |
| A conquista de Sevilla | 43 |
| <i>Xoán Mariño</i> | |
| O cruceiro gótico en Noia | 48 |
| <i>Xepe Torres e Rosa Méz</i> | |
| O horreo senlleiro | 52 |
| <i>Manolo Hermida</i> | |
| Cousas de Noia | 54 |
| <i>Ricardo Mariño Golpe</i> | |
| Colaboracións | 56 |
| <i>Alfredo Conde</i> | |
| Visións de Noia | 58 |
| <i>Enrique Babarta Pose</i> | |
| Os nosos libros | 63 |

Con relación a esta sección da nosa revista, animamos a todos os socios e socias para que utilicen o "Buzón de suxerencias" que está á súa disposición xunto á Conserxería.

A Directiva do Liceo resérvase o dereito de publicar integra ou parcialmente as súas cartas ou suxerencias.

La sociedad cultural recreativa *LICEO* es eso esencialmente: cultural y recreativa, y tanto se ajusta a los calificativos que no hay más que examinar su larga andadura para poder hacer juicios de valor y, ponderándolos, aceptar la realidad viva y latente. Su largo período de existencia, recorrido en largos avatares al margen de credos políticos, pero haciendo política activa de lo más importante de la sociedad que es el afán de dignificar el tesoro de la herencia recibida, gracias a aquella trascendente decisión de muy pocos pero dignos y preclaros fundadores, cuya trayectoria afirmaron y mantuvieron los sucesivos relevos en el timón de esa nave, hoy navegando en el mayor y mejor despliegue de su velamen y certera ruta en sus designios, sin olvidar los avatares de difícil coyuntura, salvando los escollos por el acierto de su carácter y del marco social dado a su política amistosa, abierta y democrática para atesorar, con el trabajo abnegado de sus directivos, en sus diferentes épocas, este tesoro social posiblemente único en el ámbito de la amplia Comunidad regional.

Los de mi generación no conciben la villa y su ámbito de influencia sin esta institución, esencialmente entrañable, querida y respetada. Pero las sociedades no se constituyen por generación espontánea, ni por casualidad, y de larga y brillante trayectoria (con su filial de Caza y Pesca, que me honré en promocionar) constituyen el núcleo principal de la vida social de la comarca y su área de influencia, en cuyos parámetros se afirma esa idoneidad del noyés para lograr el fin que se propone y hacer buena la afirmación aquella "*que buen vasayo si hubiere buen señor*", y *Noia* tiene señorío para lograr lo que le conviene, si se lo propone... pues, desde su nacimiento, a raíz del Arca de Noé (tan discutido) hasta la fecha, su trayectoria, al menos en el terreno histórico literario ha sido verdaderamente fabuloso, sin que ninguna otra tuviera al menos el acierto de intentar documentarlo.

Y tan legendario apellido instaló en historia de su heráldica esa bellísima leyenda, posiblemente cierta, avalada por la paloma tallada en piedra de cantería por algún antecesor de Felipe de Castro, en el cuartel de su escudo, símbolo inequívoco que la tradición avala ciegamente, y muchos creemos a pie juntillas.

Como es lógico, los que gozamos y jugamos con las hipótesis, acabamos afirmando como realidades los hechos referidos, y en esa visión ilusionada de la preferencia somos llevados de la pasión para afirmarnos más si cabe en lo sublime como cuerpo cierto de una realidad veraz para solazar el sentimiento. Y si es cierto que soñar no cuesta dinero, y el esfuerzo placentero de ese sueño no deja de satisfacer las ilusiones para vivir las realidades subjetivas en el amable recuerdo de la poesía, ¿por qué no? Si *Noia* es ese poema de arte mayor que cualquier poeta quisiera tener para rimarlo en la consonante con el espíritu.

Isolino Nieto Caamaño



Cándido M. Prego Rajo

Axenda

ACTIVIDADES:

Os xogadores de TENIS-MESA, participaron en Madrid os días 2, 3 e 4 de Xuño na fase de ascenso a Primeira División, na que quedaron eliminados.

O 24 de Xuño celebrouse no salón da Sociedade o Campeonato Galego de Tenis-Mesa de Minusválidos, con participación de xogadores noieses.

Está en marcha un Curso Básico de Informática, que tivo unha grande aceptación.


Xa están anunciados os Cursos de Gravado, que impartirá o pintor noiés Alfonso Costa do 24 de Xullo ó 4 de Agosto, na Sala de Gravado.



O día 27 de Maio último, celebrouse no Pabellón Municipal de Vilalba o Torneo Gallego Infantil (5 a 14 anos) de Taekwondo Tradicional, no que participou o equipo infantil da Sociedade, conseguindo revali-

dar o primeiro posto por clubes. En individual destacaron Lorena Blanco García e Macías López Iglesias. A nosa felicitación para todos eles.

O 11 de Xuño celebrouse unha exhibición de Taekwondo



Arriba, grupo de participantes no Campeonato Galego de Tenis-Mesa de Minusválidos.

Esquerda, Alumnos da Sección de Taekwondo co seu monitor Antonio Blanco "DACHE"

e Full Contat a cargo de todos los componentes da Sección no Salón do Liceo.

Os componentes da Sección de XADREZ xogaron a promoción de ascenso a 22 División, que non acadaron.

Para o próximo curso está previsto que se impartan no Liceo as seguintes actividades:

- Baile galego
- Culturismo
- Gaita galega.

- Gravado
- Ximnasia de mantemento
- Manualidades*
- Música de coral
- Música de guitarra
- Pandeireta
- Pintura e debuxo
- Taekwondo
- Tenis de mesa
- Xadrez

As sinaladas con * son novas actividades.

O programa do Liceo das Festas de San Bartolomeu, inclúese nas páxinas centrais da revista.

VARIOS:

O día 16 de maio, como estaba previsto, presentouse a revista ALAMEDA, con grande afluencia de público que se interesou por esta publicación.



O GRUPO ESTRAGON da Universidade da Coruña, actuou na nosa Sociedade o día 17 de maio, representando Calderón de la Barca en galego, magníficamente interpretado por todos los componentes do Grupo.

O 24 de Xuño inauguráronse os terreos deportivos de "Ceilán", nos que se ofreceu un aperitivo con productos da nosa terra. Xa pola tardíña, a Orquestra "Xenta Nova" amenizou a verbena nos propios terreos.

Arriba, alumnos da Sección de Taekwondo en plena actividad. Abaixo, representantes de tenis de mesa na fase de ascenso en Madrid





Arriba o Consello de Redacción
da revista Alameda o día da súa
presentación e asistentes á
mesma xunto aos paneis
instalados no salón.

Á dereita pandeireteiras da
Sociedade Liceo de Noia
que recentemente gravaron un CD.



FESTIVALS:

O Grupo de Zarzuela da Sociedade presentou, o día 27 de Maio, unha selección da ópera "MARUXA", obtendo un grande éxito, tanto de público como de interpretación, motivo polo que desde aquí felicitamos a tódolos compoñentes desta Sección.

Presentouse na Sociedade o día 24 de abril o CD "Esta noite hai un serán", no que colabora o Grupo de Pandeireteiras do Liceo, participando nesta presentación, ademais das nosas pandeireteiras, o Grupo LIMAGOIA de Negreira. O CD está á venda na Conserxería.

O día 14 de abril, pola tardeña, contounos contos con moita chispa o contacontos noiés Ricardo Barreiro.



Arriba, Rosa Romo e Sechu Barreiro nun momento da súa interpretación.

Abaixo, Prudencio Romo, Santiago Salanova e José Luis R. Louro correspondendo aos aplausos do público

Na páxina seguinte, en primeiro lugar, público abarrotando o salón de actos na representación da Zarzuela; en segundo lugar, momento final da representación que tanto éxito tivo.







Distintos momentos da inauguración dos terreos deportivos de Ceilán, día que moitos socios aproveitaron para usar os asadores e as mesas de pedra do recinto


O pasado mes de xuño, fixose realidade a primeira fase dun proxecto longamente acriado por toda a Sociedade Liceo: a posta en marcha dos terreos deportivos de Volta do Xunco, en Ceilán, concello de Outes.

Fomos moitos socios os que ó mediodía nos achegamos a ese fermoso lugar á

veira do Tambre para disfrutar da sesión vermouth, e tomar un vaso de viño, ao que contribuiu o día agradable e soleado. Aproveitando as mesas de pedra instaladas e os asadores, máis dunha familia decidiu comer e pasar o día nas novas instalacións.

Á noite unha animada verbenza, ó aire libre na pista poli-





deportiva, puxo fin a un día que nos debe encher de fachenda a tódolos socios do Liceo xa que moitos deles suspiraban por un lugar ó aire libre donde celebrar bailes como antaño se facía no antigo local que a sociedade tivera na Porta da Vila.

A xunta de goberno é totalmente consciente de que falta

moito por facer nas novas instalacións, sobre todo na área deportiva que é a que realmente interesa, pero certos problemas administrativos, non fan viable neste momento a súa consecución. Esperemos se solventen axiña, e podamos emprender canto antes unha segunda fase. Mientras tanto, invitamos a tódolos socios a disfrutar das novas instalacións

que permanecerán abertas durante todo o verán. Alí poderán disfrutar, ademais dunha idílica paisaxe, de instalacións de mesas e asadores, xogo de chave, e en breve, de pista polideportiva para tenis, balonmano ou futbito.





Domingo Barreiros Lago

A CORAL LICEO DE NOIA

Coral Liceo de Noia foi fundada na primavera do ano 1.974, polo entón franciscano Luis Paz Santos. Durante o segundo semestre dese ano e nos dous seguintes, participou en numerosos concertos e actos relixiosos (misa) por toda a bisbarra.

No ano 1.976, o día 4 de Outubro, fíxose cargo da dirección o actual director Domingo Barreiros Lago, a invitación do fundador e por cambio de residencia deste.

No 77 participou no I Certame da Canción Galega, chegando a clasificarse como finalista (5) entre perto de 50 corais de toda a xeografía galega, participando previamente nunha xornada de selección no Teatro Colón de A Coruña.

Nese mesmo ano, e debido a diferencias entre as directivas da coral e a da Sociedade, houbo unha escisión e surxiu dela outra coral na vila, a Coral Polifónica de Noia. Ambas dúas estiveron dirixidas polo mesmo director durante bastantes meses.

A finais do ano 1979 participou no Certame de Polifonía e Canción Vascas, en Tolosa (Guipúzcoa), sendo a primeira coral galega que o fixo, así como tamén, o 9 de Setembro

do mesmo ano, no programa "Fantástico" de José M^a Iñigo, en Prado del Rey, na TVE de Madrid.

Nesa mesma viaxe actuou no Centro Galego da capital de España.

Máis adiante, nos anos 80 e 83, respectivamente, fixo dúas xiras: unha polas Illas Canarias (Gran Canaria e Tenerife, con concertos no Museo Colón, en Telde, en Galdar e no Casino tinerfeño) e outra polo Norte de España (Torrelavega, Laredo, Santander e Oviedo).

Nos anos 86, 88 e 89 participou en Estarreja-Salreu (Aveiro-Portugal), nas edicións respectivas dos Encontros Intenacionais polas Terras do Antuá.

No 89, 90 e 98 participou no Certame Internacional de Habaneras e Polifonía de Torrevieja (Alicante), levando o Premio á Mellor Dirección Coral, no ano 89. Tamén interviiu no Certame "Villa de Avilés", no ano 92.

Ten grabados 3 cassettes-LP, un deles en solitario, no ano 1981 (Dial-Limociro); outro, conxunto con varias corais galegas, baixo a dirección de Luis Cobos, e un terceiro, no ano 1986, xuntamente coas corais CARAMIÑAS de

A Pobra do Caramiñal e MONTEMAR (Noia-Pobra).

Colaborou na organización do Certame Coral "Liceo de Noia", desde a primeira ata a X edición.



Ven de participar no II Certame "Villa de Marín", onde se clasificou como 4º finalista o día 24 de Xullo, para pasar á final do 25. Este ano 2000 foi tamén seleccionada para participar na III Edición do mesmo.

No ano 1999 celebrou o seu XXV Aniversario, cun concerto no que participaron, ademais da Coral LICEO, as do Liceo Marítimo Rianxeiro e a de Mera (Oleiros).

No seu repertorio hai todo tipo de música coral: gregoriana, renacentista, clásica, romántica, popular, galega, de Nadal, etc.





Ramón Carredano Cobas

Historia do Liceo (II)

Sixamos ó Liceo instalado precariamente nun destalado edificio da Praza do Tapal, exactamente na casa número 18, propiedade dos herdeiros de D. Luís Vidal Reino: Dª Carmen e Dª Dolores Vidal Caamaño. As condicións de aluguer, por un prazo de seis meses, exixen o pago mensual anticipado de cento cincuenta pesetas. Este edificio necesita de certas obras para que a Sociedade desenvolva a súa actividade normal, ademais é preciso a colocación de luz eléctrica en tódolos seus departamentos, así como a instalación do teléfono, e outras reformas no interior do edificio, polo que o Liceo vese obrigado a depositar na entidade bancaria da vila "Hijos de José Pérez Lorenzo", a cantidade de mil pesetas, necesarias para deixar a casa, ó remate do contrato, nas mesmas condicións nas que se recibeu. Esta cantidade irá a cargo da indemnización do seguro dos móbiles, que a compañía L'Union debía á Sociedade, e que ascendía a

dez mil seiscentas noventa pesetas.

Xa falamos dos enseres que se salvaron do incendio. Entre eles non estaba o libro de actas, polo que o libro máis antigo que se conserva, e a partir desa data, e a este documento inestimable, referíremos a cotío nestes capítulos sobre a historia da Sociedade.

Na acta do cinco de setembro de mil novecentos trinta e



Restos do Liceo despois do incendio

catro, poucas datas depois do incendio, decídense arranxar os enseres aproveitados dos escombros do local sinistrado como son: oito escupideiras de porcelana, oito sillas fixas, tres mesas de tresillo, e o contador eléctrico.

As baixas de socios, siguen sucedéndose, non encontrándose nas primeiras actas posteriores ó sinistro, ningunha alta. De tódolos xeitos, a Sociedade sigue facendo frente ós seus pagos habituais, e á compra de diversos enseres sen dúbida necesarios para o seu desenvolvemento. Así, na acta do vinteún de setembro do ano trinta e catro, aparece o seguinte acordo da directiva: "Adquirir un reloxo de parede por mediación do axente local D. Manuel Seijas Louro polo prezo de duacentas vinte pesetas, a prazos de vintedúas pesetas mensuais, das características seguintes: altura sesenta e tres centímetros, esfera vinteún por vinteún, color caoba, con tubos e vidreiras cromados".

A xunta directiva, formada polos Srs.

D. Alejandro Otero Rodríguez, como vicepresidente, pois dimitiu o presidente Sr. Torres Fernández, o secretario D. Manuel Sala-nova, e os directivos D. Manuel Vidal Gómez, D. Eduardo Pa-tiño Ronquete e D. Juan Hermo Alvarez, deci-

den presentar a súa dimisión, con carácter irrevocable, por entender que rematou o difícil labor de encauzar a Sociedade, logo do incendio, para o que convocan xunta xeral extraordinaria, que se celebrará no salón do Casino, por non contar o Liceo cun local adecuado, o día cinco de outubro.

Desta xunta, xurde unha nova directiva, formada polos Srs. D. Luís Rivas Rego, presidente; D. Manuel Pérez Pais, Vicepresidente; D. Manuel Seijas Louro, Secretario; D. José Fernández Vilas, Contador; D. Manuel Louro Gómez, Depositario; D. Fermín Hidalgo, Bibliotecario; Vocales, D. Antonio Mato Blanco, e D. Ventura González Carnota.

Entre as primeiras medidas da nova directiva, está a de deixar en suspenso o cobro da cuota de entrada durante dous meses, a todos aqueles "que sexan admisibles como socios", polo que o número de asociados comenza de novo a aumentar e no decesete de Decembro do trinta e catro, o Liceo conta con douscentos

oitenta e un socios. Isto nótase na marcha da Sociedade pois nas primeiras actas despois da toma de posesión da nova directiva, aparecen numerosas compras de enseres e mobiliario: unha máquina express para a cafetería, seis escupideiras de porcelana "como as xa existentes na Sociedade", un paragüero "de poucas pesetas", unha mesa de billar, así como naipes, dominós, mesas, sillas, unha pileta para o lavabo, etc.

No Nadal dese ano, a Sociedade organiza un baile no piso alto do Coliseo Noela, amenizado pola orquesta de Dª Mercedes Cobas que cobrará pola actuación cento quince pesetas. O ambigú paga unha renda anual de catrocentas.

No Antroido celébranse no mesmo local e coa mesma orquesta, dous bailes de máscaras, e un asalto o luns polo serán. Neste caso a orquesta de Dª Mercedes Cobas, cobra trescentas sesenta e cinco pesetas. Para o martes de antroido, a xunta directiva, acorda "adquirir un obxecto

para agasallar á señorita que mellor disfraz presente". Non sabemos en que consistía o "obxecto" pero o que sí sabemos é que non debeu ser do agrado da señorita, porque na acta do vinteseis de marzo, figura: "Que se devolva a D. Ramiro Tojo o agasallo que fixera para o baile de antroido, por rechazalo a señorita a quem se lle adxudicara".

A situación económica, aparenta ir por bo camiño, pois a xunta directiva, acorda rebaixar a sesenta céntimos a hora o precio do billar, así como dos demais xogos, e algo moito más importante, trasladar o local social, de novo, á Porta da Vila, á casa propiedade de D. Angel Pérez Morales, local que xa ocupara noutras datas. Na xunta xeral do cinco de xullo de mil novecentos trinta e cinco, acórdase o traslado da Sociedade Liceo, para o histórico edificio que vai ser por moitos anos a súa sede. Aquí instalado e con vento favorable, deixarémolo ata o próximo número da revista.





Victor Vez Vilar

Pinceladas *Sanitarias*

HORARIO DAS COMIDAS

 tan importante facer unha dieta equilibrada como unha correcta distribución das comidas.

Por desgracia é moi frecuente o costume de non almorzar, ou facer un almorzo moi pobre en nutrientes (p.e.: café bebido).

O confrontarse a unha xornada laboral ou escolar "sen reservas" de nutrientes (principalmente hidratos de carbono e proteínas) é causa frecuente de accidentes laborais ou baixo rendimento escolar.

Deberíamos suministrar enerxía ó noso organismo na mesma medida na que a vaia precisando e non pasar longos periodos de xexún (non cear, non almorzar) seguidos de inxestas copiosas.

Catro ou cinco comidas repartidas axeitadamente cos nosos horarios laborais é o primeiro paso para garantir unha alimentación correcta e saudable.

O almorzo é unha das comidas a que se debera prestar toda a importancia que ten para a saúde. Na súa composición non deben faltar: hidratos de carbono (en forma de derivados dos cereais e algúns froita) e proteínas (leite ou derivados).

DEPORTE: SEMPRE BO

Practicar algún deporte, sempre é beneficioso.

Calquer deporte, mesmo o más sinxelo: camiñar, sempre nos vai dar beneficios para a saúde.

O deporte fainos sentir máis optimistas, mellora o noso ton vital, axuda a afrontar os problemas e as actividades da

sempre nos axudara a queimar esas calorías de máis e sobre todo, beneficiará o noso, as veces, maltratado sistema cardio-respiratorio.

Pero, iso sí, deberemos practicar un deporte axeitado á nosa edade. Por iso insistimos en que camiñar é un dos mellores e más asequibles "deportes" para todo o mundo.

OS BOMBONS: ALGO MÁIS QUE UNHA LARPEIRADA

Unha baixa concentración de transmisores nerviosos parece que xoga un importante papel nos estados de ansiedade e depresións.

De feito, sábese que a secreción de serotonina xoga un rol fundamental en moitos aspectos das funcións cognitivas superiores: se o seu nivel baixa, o estado anímico sofre oscilacións.

Por outra banda, o cacao (compoñente básico de moitos doces e en especial dos bombóns) ten, entre outras propiedades, a de favorece-la secreción de serotonina.

Misturemos todo isto e comprenderemos ese aparente efecto euforizante que acompaña, ás veces, a inxestión de bombóns ou algúns doces.

"Encho de bombóns cando vexo que collo unha depre-



vida cotiá e, por se fose pouco, axuda a controlar o peso axeitado.

Unha persoa de mediana idade e cunha actividade "normal" non consume moito máis alá dunhas 2.100 calorías/día. Calorías que moi facilmente se sobrepasan cunha alimentación coma a que adoitamos facer na nosa terra.

Daquela, camiñar ou mesmo facer outro tipo de deporte

sión", aseguran algunas persoas.

Claro que logo, ás que teñen problemas de sobrepeso, viralles ó pensamento o vello dito: "Un bombón dura uns segundos na boca, uns minutos no estómago e toda a vida nas cadeiras".

¿TOMAMOS UN CAFÉ?

Tomar café a cotío en doses altas pode traernos problemas no momento en que decidamos abandoalo.

De feito, estudos levados a cabo neste senso sinalan que as persoas que deixan este hábito dun xeito brusco sofren "síndrome de abstinencia á cafeína": dores de cabeza, cansanzo, baixo rendimento, etc.

Teñamos en conta que o café non é un alimento. Só aporta as calorías "valeiras" da pedriña de azúcre que adoitamos engadirlle.

O principal compoñente do café, é a cafeína, un estimulante do sistema nervioso central e do aparello cardiovascular. Por outra banda estimula a secreción ácida do estómago, polo que perxudica ás persoas que padecen úlcera e asemade, como é ben sabido, ós hipertensos, insomnes e ansiosos.

Nembargantes, falabamos ó principio de doses altas. ¿Cales serían esas doses altas?

Cadaquén debe acomodar a dose diaria de café de acordo co seu estado de saúde e os consellos médicos ó respecto.

De tódolos xeitos DÚAS cunquiñas de café ó día non perxudican a case ningúén ... e son tan sabedoras ...


¡¡OLLO AS QUEIMADURAS DOS NENOS!!

Ante todo, deberemos facer fincapé nas queimaduras pola radiación solar:

A radiación solar, se ben é certo posúe efectos beneficiosos para a saúde (p.ej.: estimula a produción de Vitamina D), non é menos certo que as queimaduras producidas polos raios do sol, poden xerar graves problemas (O melanoma é un dos cancros de pel más gaves que se coñecen e moitas veces xerado polos raios UVB do espectro solar).

Teñamos en conta, asemade, que os efectos dos raios solares son acumulativos.

Daquela, hai que ser moi previsores ó expoñerse ó sol, e en especial os nenos, cuia pel é moi sensible: utilizar filtros



solares en forma de crema da máxima potencia e procurar que os nenos levan protexida a cabeza cun gorro.

Outro tipo de accidentes por queimaduras nos nenos son as que se producen no fogar.

É ben certo que a orixe destes accidentes cambiou nos derradeiros anos; pero, non é menos certo que a súa incidencia non diminuiu.

Hoxe xa non adoitan queimarse os nenos con braseiros, ou as lapas da lareira, pero seguen sendo os líquidos os principais responsables destes problemas.

Tamén debemos engadir hoxe en día as queimaduras debidas a fornos de microon-

das, descargas eléctricas ou a excesiva temperatura da auga do baño.

Uns consellos, non por sabidos menos útiles serían:

- * Non deixar que os nenos anden pola cociña cando se está a prepara-la comida.
- * Colocar mangos de cazos, tixolas e potas... sempre cara dentro das placas de cociña.
- * Evitar ir pola casa adiante levando cacharros con líquidos quentes, mentres os nenos andan polo medio (cafeteiras, potas, auga, etc.)
- * Cando enchamos a bañeira para o baño dos cativos, principiar por auga fria.
- * Non deixarles achegarse á plancha da roupa cando a estemos utilizando e poñer bo cuidado en gardala ó remate.
- * Poñer protectores nos enchufes ...

¡¡A DEITARSE ... QUE É HORA DE DURMIR!!

Segundo un estudio recente, ó parecer a terceira parte da poboación española padece algún tipo de transtorno do sono.

Ou sexa, que cada vez dormimos menos ou facémolo peor, debido, entre outras causas, ó efecto de ve-la TV ata moi tarde, os adiantos no horario da xornada laboral, o ruido xerado polo tráfico (nas grandes cidades) , o estrés, etc. etc.

Ese mesmo estudio sinala que un adulto en España dorme unha media de seis ou sete horas, tempo que se considera escaso para as necesidades fisiológicas.

Asemade as persoas no só dormimos pouco sinón mal: apneas do sono, ronquidos, insomnios, etc, son causa de que non aproveitemos o sono todo o necesario.



Pepe da Roca

Entrevista

Carlos E. López Crespo

Desde esa atalaia privilexiada que é a Deputación ¿como se ve o panorama cultural da provincia?

A xulgar polo índice de participación na convocatoria de subvencións da Deputación (un total de 3.000 solicitudes no ano 99) podería establecerse que existe un interés na sociedade por dinamiza-la vida cultural da nosa provincia. É moi variada a planificación de actos e actividades culturais que nos propoñen as asociacións e institucións que acuden a nós. Coido, nembargantes, que no eido da cultura, igual que en outros moitos, debemos apostar máis por criterios de calidade que de cantidade. Considero que pesa demasiado, na planificación cultural, a "inercia da costumbre" frente á "creatividade e orixinalidade das ideas". Reivindico un maior protagonismo dos intelectuais e artistas no diseño e planificación da "oferta cultural ó cidadán", tanto no que eu chamo "cultura de consumo" (actuacións, exposicións, representacións, lectura, etc.) como na "cultura de creación" (escultura, pintura, teatro, ensaio, artesanía, etc.).

A xuventude actual á que lle "mola un montón" vivir acubillada no niño materno, ¿segue más ou menos a liña cultural marcada pola xeración que o protexe ou rompe todos os moldes clásicos?

Non debemos esquecer que a xuventude ten un "patrimonio" exclusivo desa idade: por un lado a plasticidade da súa intelixencia prodúcelle un torrente de ideas a cada instante, por outro lado a súa dotación biolóxica dalle forza para considerarse capaz de desarrollalas casi todas. Con ese patrimonio síntese encorsetado polos adultos, unhas veces, polas institucións outras e casi sempre pola sociedade en xeral. Ante esta situación queren romper e no eido cultural, ás veces, fan propostas que nos poden resultar "eventualmente chocantes". Coido que debíamos, dende as institucións públicas, propiciarles máis ocasións e medios para que poideran desenvolver ese "mundo de ideas e forza". Respecto ó "acubillamento no fogar materno" estou seguro que lles molaba más a independencia

*C*arlos Enrique López Crespo, socio número 4.111, incorporouse á Sociedade Liceo aos 20 anos. Político xenético, camiña con paso circio polas quebradas corredoiras da "res publica" arroupado polo encanto característico dos nacidos baixo a touca da constelacion de Virgo. Na actualidade é alcalde de Outes e responsábel da área de Cultura, Xuventude e Deportes da Deputación da Coruña.

que tivemos nos anos 60 e 70 pero a hostilidade social para acadar esa independencia convírtelos en "cautivos da familia".

Sempre se nos dixo que o deporte é cultura pero o deporte actual no seu feroz mercantilismo, o amadorismo encoberto, a publicidade sen ética e mesmo a dopaxe, ¿tamén é unha manifestación cultural?

Coincido plenamente con ese profundo pesimismo que se desprende da súa pregunta pero, consciente da dificultade que plantexa loitar contra esa realidade, propóno establecer unha planificación realista e próxima ó ciudadán que permita a todos, nenos, xóvenes, adultos e vellos, practicar algunha actividade deportiva ou exercicio físico. Neste campo, dende a familia, a escola e os concellos debemos recupera-la compoñente formativo-participativa do deporte a través de programas realizables. Hoxe xa temos unha aceptable rede de instalacións deportivas,

seus veciños. É necesario deixar esta planificación en mans de especialistas evitando ese intervencionismo que a algúns políticos nos gusta de más, ás veces.

¿Abondan pola xeografía provincial sociedades como o Liceo de Noia?

Debo manifestar que coñeo bastantes sociedades culturais e recreativas ó longo da nosa provincia pero non é frecuente atopar unha sociedade co dinamismo, amplitude de ofertas e constante desexo de crecemento coma este Liceo de Noia. Creo non enganarme si afirmo que, aparte da meritaria labor das sucesivas xuntas directivas, estas cuali-



“... o pobo de Outes
acolleume con un cariño ó
que nunca vou ser capaz de
corresponder e aínda por
encima déronme o mellor
alimento para a miña
vaidade: ¡fixéronme
alcalde!”

falta optimiza-lo seu uso e crear unha rede de monitores deportivos que teñan coñecementos suficientes para dinamizar unha actividade tan importante. Non podemos permitirmos ter as instalacións deportivas dos centros de ensino cerradas nas vacacións, nos fins de semana e a maioría das tardes do noso longo inverno. Son optimista e coido que se vai producir un rexurdimento do deporte como compoñente cultural.

¿Teñen as vilas pequenas capacidade para desenvolver un programa coerente de actividades culturais?

Considero que neste momento teñen capacidade material para establecer programas culturais axeitados para os

dades débense á singularidade da extraordinaria masa asociativa con que conta esta sociedade.

¿Que fixo que un home de Collantres, docente peregrino e domiciliado con actividad pública noutro Municipio, se enamorase profundamente de Noia?

Sempre desexei te-la capacidade para poder expresar por escrito o que representa, para mim, esta pregunta. Vou tratar de ser breve, pero deste "amor" prefiro sentir e falar que escribir. Eu cheguei a Noia un 12 de

outubro do ano 1969 (día da inauguración de Os Pasales) e tiven a sorte de caer na Casa do Marico. Alí me deixou miña nai nas mans da Sra. Carmen, Carmiña, Emilio e Marita. Non vou extenderme en falar desta xente, solo direi que non foi a miña segunda familia, foi a prolongación da miña propia familia. Enseñáronme moitas cousas pero sobre todo cargáronme de mimos e afecto. Ó día seguinte incorporeime á Escola de Cruido onde estuvren un curso e onde me dispensaron un recoñecemento, nenos e maiores, que nunca cheguei a comprender. É posible que os maiores consideraran un mérito a miña obligación de ir tódolos días (sempre algo tarde porque o bon de Emilio do Marico tiña que acudir ó terceiro intento para despertarme) e os nenos tal vez consideraban un mérito que prolongáramos os recreos de 30 a 45 minutos, dedicados intensamente, eu incluido, á práctica do fútbol. Como eu non tiña coche e non había autobús facía o desplazamento a pé. O alcalde de Lousame (D. Jesús Argüelles), dunha forma tan desinteresada como excepcional, ofreceume a súa moto Guzzi. ¡Que máis podía pedir eu! A verdade é que tal xesto de solidaridade do Sr. alcalde non mellorou a puntualidade do mestre, fixo que os avisos de Emilio, para despertarme, pasaran de tres a

seis. Na primeira semana xa me integrei totalmente (por inmersión) no ambiente de Noia. Era (seguro que ainda é) un pobo tan cautivador, familiar, afectuoso, solidario, aberto e divertido que un xoven coma min non podía evitar "ser feliz a tempo completo". Por citar algúns lugares menciono as tardes-noites do Kukia, as noites de sábado das Gaviotas, os domingos de Os Pasales, as trasnoitadas no Lelé, o raxo e os cocidos de madrugada no Trapeiro, os pasteles de Dominga (que me perdonen os que non nombran para evitar alongarme). Recordo con especial cariño unhas tertulias que durante os invernos tiñamos no Liceo ata a hora de peche. Despois acompañábamos, ata o Campo de Noia, ó inesquecible Andrés. Daquelas tertulias, onde se falaba de todo, teño un especial recordo das intervencións de Xerardo Agrafoxo que dende a más exquisita tolerancia e profundos coñecementos cautivábanos a todos. E como non podía ser menos, un xoven coma eu quería practica-lo fútbol e para eso conseguín a autorización do Presidente do Noia. Claro que intentar xogar eu no Noia S.D. era como cando os Tamara de Prudencio Romo querían cantar cumbias en Venezuela. Como a cláusula de rescisión naquela época non era moi grande (catro tazas de ribeiro e unha tapa de pulpo) viñeron os do Outes F.C. e ficháronme para o seu equipo que se iniciaba na Liga da Costa. Os éxitos futbolísticos en Outes non foron moi bos, solo conseguín o grado de "veloz e escurrido". Pero en Outes encontrei o que xa me dura 25 anos, unha familia composta pola miña muller e as miñas dúas fillas ¿que máis podía pedir? Pois ben, o pobo de Outes acolleume cun cariño ó que nunca vou ser capaz de corresponder e aínda por encima déronme o mellor alimento para a miña vaidade: ¡fixéronme alcalde!

Amigos socios do Liceo de Noia, ¿como eu non vou estar eternamente agradecido e en débeda con ese pobo histórico, culto e libre?





Gravado de **B. Suárez**. Escola de Gravado "Alfonso Costa"



Xosé Agrela Hermo

O ensino en Noia

(II)

O Renacemento

o remate do século XV sopraron ventos novos na historia de Europa traídos polos grandes descubrimentos xeográficos, pola popularización dos inventos trascendentais -¿alguén pode negar a trascendencia da imprenta?- e por unha distinta relación poder-pobo baseada na concepción de nación-estado. Remata a Idade Media, ese milenio non tan escuro e tenebroso como afirman moitos nin tan divino como outros nolo queren pintar, e dá paso a un renacer, un volver nacer da orixinaria cultura greco-romana, base sólida de todo o pensamento europeo, na que o ser humano recupera o protagonismo que deixara para Deus no Medioevo.

Semellante cambio tén o seu fiel reflexo, loxicamente, no sistema educativo. A educación humanística propónse formar o home en canto home, non letrados nin militares, nin médicos, nin eclesiásticos nin profisionais concretos, senón que, na procura da formación integral, intenta cultivar a personalidade humana en todos os seus aspectos: físicos, intelectuais, estéticos e relixiosos, despreciando toda erudición barata e toda pretensión de omnisciencia sistemática. Esta formación integral está dotada dun carácter estético, dunha harmonía de desenvolvemento global que mira máis o ideal grego que o romano. Esta educación, nembarcantes,

era profundamente aristocrática; estaba destinada ás novas elites políticas e económicas, a uns poucos privilexiados na sociedade ou profisións liberais. O pobo estaba lonxe desta formación humanística pois os pintores, escultores, arquitectos e artistas en xeral non se formaban nas escolas senón nos talleres e obradoiros.

Naquela España-estado-nación, recén artellada polos Reis Católicos, estes aires de exaltación humana e paganismos formal, reforzados pola deshinibición e a frescura das teses luteranas, non callaron moi ben e así os reis da Casa de Austria, apoíándose nas normas emanadas do Concilio de Trento -a Contrarreforma montada pola Igrexa- organizan un ensino no que hai unha involución dos ideais renacentistas áinda que mantén as formas humanísticas, no que os escritores clásicos son expurgados e usados como instrumentos para facer elites que fagan trunfar sempre e en todas partes a política do binomio Imperio-Igrexa e non para desenvolver autonomicamente as forzas dos seres humanos. Unha grande parte destes obxectivos acadáronse ao crearen os xesuítas, abandeirados da Contrarreforma, a "Ratio atque institutio studiorum" de 1586 para o ensino secundario e superior que en total abarcaba oito graos, máis catro de Teoloxía para os relixiosos. É este o primeiro intento serio, rigoroso e planificado que se fai no ensino, baseado fundamentalmente nunha rigorosa disciplina, ximnasia intelectual, forte emulación e dosificación de premios.

Ao mesmo tempo xorden outras ordes relixiosas adicadas ao ensino dos nenos: os barnabitas de San Antonio María Zaccaría e os oblatos e ursulinas de San Carlos Borromeo para fillos de familias acomodadas. Para nenos pobres, San Felipe Neri funda os oratorianos e San Xosé de Calasanz as escolas pías (escolapios).

O século XVI en Noia

Mentres tanto, ¿que pasa en Noia co ensino neste século XVI? Daquela os cambios eran más lentos que hoxe e chegaban máis tarde ás vilas pequenas. Pero

tamén en Noia ocorreu no eido da educación un feito importantísimo: a creación da Casa de Gramática, a finais deste século e comezos do XVII. Xa anteriormente hai documentos que nos din que o día 25 de outubro de 1544 o bacharel Martín Ximénez comprométese a dar clases de lectura de Gramática, por espacio de cinco anos, cobrando por iso 12.000 maravedís e a metade dunha capelanía, sen contar o que cobrase aos alumnos de fóra da vila, pero non coñecemos o lugar onde se impartiría o ensino. Máis adiante, en 1566, don Rodrigo de Mendoza, abade de Taverga, sobriño de Diego de Muros, deixa no seu testamento unha manda de cen ducados para un mestre de Gramática e Retórica en Noia. Dous anos máis tarde o Concello noiés, seguindo a liña das antigas escolas municipais, contrata ao licenciado Cristóbal López Lira, oriúdo

para o seu desenvolvemento que durará centos de anos. Trátase da casa construída en 1476 para Hospital, chamado "de Dentro" en contraposición ao Hospital de Fóra, levantado 150 anos antes polo arcebispo Berenguel de Landoira na rúa do Espírito Santo ou Pelamios, barrio de curtidores.

A Casa da Gramática

Este segundo Hospital, situado na rúa de Lagares (hoxe Curro ou Felipe de Castro) esquina ao Forno do Rato, fora fundado e dotado en testamento



da cidade de Tui, para dar clases de Gramática, Retórica e demais ciencias pola cantidade de 32.000 maravedís, permitíndolle cobrar a maiores mil maravedís a cada alumno que asistise ás súas clases. O horario lectivo era de seis horas, tres pola mañá e tres pola tarde.

Un acontecemento extraacadémico vai conmocionar a vila de Noia neste último tercio do século. O rei Felipe II, inmerso en fortes crises políticas e económicas, decide unilateralmente desmembrar a vila noiésa da Mitra compostelá á que pertencía desde a carta-puebla de Fernando II, e vénde a vila ao banqueiro xenovés Baltasar de Lomelín en 1585. Precisamente nestas circunstancias históricas é cando o ensino noiés atopa un asento definitivo

por Gómez Ares de Guizamonde, cunha manda que se incrementou cos casais que tiña aforados en Orro e Carracido, e que pasaron á fundación cando morren os foreiros Lopo de Leys de Lago e a súa dona María Álvarez. Isto ocorría, como temos dito, en 1476. Anos máis tarde, e volvendo á época na que os xenoveses gobernaban Noia, concretamente en 1594, os mordomos do Hospital de Fóra, Rodrigo García Marcote e o bacharel González, rector da igrexa de San Martiño, solicitan do arcebispo

Xoán de San Clemente a anexión do Hospital de Dentro, pois este estaba moi mal reparado e sí vivían nel tres ou catro viúvas, a pesar de que tiña moi boas rendas. Pola contra, o de Fóra, ben arranxado, con médico, sangrador e capela para oír misa desde as camas, podía acoller perfectamente todos os enfermos pobres, tanto locais como foráneos. Así, xuntando os dous nun coas súas rendas sería más útil para os necesitados.

Aproveitando que, deste xeito, o edificio do Hospital de Dentro quedaba baldeiro de enfermos, o procurador xeral da vila de Noia, Domingo de Santiago, dirixe en 1600 unha solicitude ao arcebispo para converter o que fora Hospital de Dentro en Casa de Gramática ou Casa de Estudios, pois xa había unha dotación para profesor de Gramática e Retórica feita, como temos dito, por Rodrigo de Mendoza en 1556, que se complementaría coas rendas que áinda lle

quedaban ao Hospital durante dez anos. En xaneiro de 1601, o arcebispo pide información antes de conceder a licencia e declaran uns veciños de Noia que dan fe da necesidade desta Casa: o licenciado Azebedo, preceptor de Gramática; Xoán Costa Vermúdez; Fernán Trigo Noguerol e Francisco Paz. Todos coinciden en que fai falta un Estudio Xeral, universal e perpetuo, e que o mellor sitio é o anterior Hospital de Dentro, xa sen enfermos, e ideal pola súa amplitude e pola súa proximidade á igrexa de Santa María a Nova os pupilos poderían oír misa todos os días sen desprazárense demasiado.

O 31 de xaneiro de 1601, o arcebispo San Clemente acorda que no Hospital de Dentro se imparta a cátedra de Gramática, Retórica e Latinidade. Para iso ordea que se efectúen as reparacións necesarias, comisionando para este fin ao bacharel González, rector da parroquia de San

Martiño. Estas obras realizáronse con cargo ás rendas do Hospital e co consentimento do seu patrón Francisco Vermúdez de Castro, herdeiro do seu lonxano antepasado e fundador Ares de Guizamonde.

Así naceu a Casa de Gramática, base, sustento e emblema da cultura da vila de Noia.

Para saber más:

AGRAFOXO, X.: *400 anos na historia da vila de Noia*, Noia, 1991.

FABEIRO GÓMEZ, M.: *Páginas históricas de Noia*, Noia, 1990.

HERMIDA, M. E AGRELO, X.: *Efemérides noyesas*, Santiago, 1971.

SENDÓN, C.: *Historia de la Educación*, Alcoy, 1967.

Na páxina anterior, vista do Hospital de Adentro, na Rúa do Curro, máis tarde Casa da Gramática, s. XV.

Nesta páxina, vista do Hospital de Fóra, s. XIV, hoxe desaparecido.





Pedro García Vidal

Xeografía

Noia. Unha vila amurallada

Nurante séculos, a vila de Noia, como a mayoría de vilas e cidades medievais, presentábase ante o visitante como un lugar pechado por muros. A envolvente muralla protectora do espacio cidadá, primeiro elemento que se ofrecía á vista do viaxeiro para sinalar a presencia dunha entidade urbana, ía converterse co paso do tempo no seu símbolo máis característico, tal vez, xunto coa silueta ascensional da igrexa de San Martiño, no elemento definidor da súa paisaxe urbana no pasado. Para penetrar na vila, había que facelo necesariamente a través de portas que se abrían a intervalos regulares na muralla; as principais – Porta da Vila e Peregrina - tan monumentais, que difficilmente podía un escaparse do estupor e admiración que producía transitar baixo a súa imponente figura arquitectónica. Hoxe, desaparecida a muralla prácticamente na súa totalidade, esquecida ou ignorada por grande parte dos habitantes, sen embargo a súa pegada pervive con forza na estrutura e morfoloxía urbana da vila.. A pretensión das liñas que seguen é traela de novo á memoria, así como poñer de manifesto a súa vital importancia no acontecer histórico do espacio por ela pechado.

Coñecer o pasado é escomezar a respectalo

De rapaces e mozos, as persoas da miña xeración sabíamos da existencia de cidades amuralladas. Todas elas correspondíanse a lugares lonxanos. Foi o primeiro paso para achegarnos á súa imaxe. Aqueles eran anos en que o coñecemento do propio, do que tiñamos más preto, estaba vetado. Nas escolas do franquismo, a historia e a xeografía de Galicia non figuraban nos programas escolares. Mesmo semellaba que careciamos dun espacio xeográfico, ou que no devandito espacio non aconteceran feitos históricos. Naquela escola memorística, na que recitabamos sen falla a lista completa dos reis godos ou cantabamos ritmicamente os nomes e percorrido da totalidade de ríos peninsulares cos seus respectivos afluentes, estabase sen embargo a eliminar dun xeito consciente, a memoria histórica e xeográfica propia. Deste xeito, todo un pasado de séculos foi furtado do coñecemento escolar, e así medramos na ignorancia. Era o fomento dunha amnesia colectiva premeditada.

O achegamento persoal ós traballos de investigación de persoas como o profesor Álvaro de las Casas, Santiago Abella, Pedro Rodríguez, Fabeiro Gómez ou Pedro Faria –cos dous últimos tiven a satisfacción de tratar persoalmente– permitiron abrir unha fiestra hacia unha realidade descoñecida. Estes homes, autodidactas na súa grande maioría, con profesións diversas pero cun mesmo afán de coñecer e descubrir o pasado da vila de Noia, facilitaron co seu esforzo investigador unha contribución impagable a un mellor coñecemento do que fomos. Abraiado lia con pasión unha documentación que falaba duns tempos descoñecidos e esplendorosos. O desejo de coñecer máis vai ser tan atraínte que, na medida do posible, un mesmo vai querer continuar tan formidable traballo. Vaia desde este número 1 dunha aventura cultural que inicia a súa andaina, a gratitud a todos esos precursores que axudaron a abrir as portas e fiestras da curiosidade. As liñas que figuren neste espacio, adicadas a un mellor coñecemento xeográfico e histórico da vila de Noia e terras próximas, pretenden ser unha homenaxe á súa memoria.



Fig. 1. O Casco histórico noiés desde o ar. A realidade urbana creada na Idade Media que se corresponde co denominado Casco histórico, califica áinda de xeito notable ó conxunto da vila de Noia. Sentímos que pertencemos a este espacio, incluso aceptamos ser calificados por el como noieses engrandecidos pola riqueza de experiencias humanas acumuladas neste lugar. A pequenez desta patria non nos separa do mundo nen da modernidade, como erroneamente pensan algúns, más ben axúdanos a entrar nos grandes horizontes do noso tempo – Europa ou a comunidade mundial – con toda unha carga histórica detrás, para orgullosos amosala as xentes que coma nós crean nun mundo de respecto hacia todas as culturas.



O nacemento da vila. Decidir o lugar onde emprazar o novo establecemento urbano

Cando a decisión real concede o privilexio de establecer unha nova entidade urbana, "un novo burgo e porto na Terra de Santiago" (Carta Puebla do rei Fernando II no ano 1168) que viñera reemprazar ó que ata este momento funcionara como antigo porto do Apostol asentado nun lugar indeterminado entre a Barquiña e Barro, a pregunta inicial é onde se ubica considerando as posibilidades do entorno. Decidida por razóns económicas unha posición preto do mar, o paso seguinte consistirá en elexir o sitio concreto onde instalar a nova poboación. A decisión non debeu ser fácil, había que escoller de entre unha ampla gamma de posibilidades, aquela que fose a máis axeitada de cara a conseguir unha vida longa e próspera á cidade que nacía. De entre a variada serie de características que debía agrupar o emprazamento, unha sempre estaba presente: protección ante posibles inimigos.

O lugar finalmente escollido, atopábase no fondal da ría, no extremo dun canle, que con bocana nas puntas de Testal e Abrúñeiras, vai progresivamente estreitándose ata confluír coas desembocaduras dos ríos Vilaboa, Tállara e Traba. Neste punto, sobre un pequeno outeiro rochoso duns 20 metros sobre o nivel do mar, bañado polas augas doces do Traba por un lado e polas salgadas do oceano por outro, vai establecerse o xerme inicial da vida urbana. O novo emprazamento, favorablemente situado desde o punto de vista estratégico-defensivo, cun porto protexido e con calado suficiente para permitir a entrada de grandes embarcacións aínda co inconvinte das mareas, e colocado nun lugar central desde o punto de vista das rutas de comer-

cio terrestres da ría que aquí conflúen, contaba con todos os factores que podían favorecer o seu despegue eco-nómico.

Pensar como protexelo

Nun momento histórico tan turbulento, con hordas de piratas que asolan as costas galegas, a busca de solucións protectoras que complementen as naturais do propio emprazamento van ocupar un lugar destacado. Xa desde os primeiros instantes da vida urbana

no incipiente burgo, a preocupación pola defensa dos seus moradores vai constituir un dos obxectivos principais. Por ese motivo, axiña se escomeza a levantar un espacio protector que acolla, en caso de perigo, á poboación residente. A ciadela protectora inicial xorde no lugar menos accesible ó inimigo, no punto máis elevado do promontorio rochoso bañado polas augas do Traba e da ría. No cume deste outeiro granítico, actual praza do




Fig. 2. Plano da vila de Noia de 1597. (Arquivo de Simancas). Este plano constitúe un documento fundamental para o coñecemento da historia urbana da vila. Nel aparece sinalado o seu estratégico emprazamento, o trazado da muralla coas portas que nela se abren e a distancia que as separa, ademais dos arrabaldes que se formaron ó seu carón.




Fig. 3. Diferentes visións da Fortaleza e Pazo do Tapal.

Arredor deste conxunto protector nace e se desenvolve a vida urbana en Noia.

Tapal, vai construirse un primeiro recinto defensivo amurallado formado por un castelo e un continuo de vivendas que se pechaban arredor dunha praza cuadrangular, en dúas de cuyas esquinas opostas se abrían sendas portas. Unha destas portas comunicará directamente coa Ponte Grande de Noia, a outra, no extremo oposto, conducirá á antiga Praza Maior ou espacio que se abría diante da igrexa de San Martiño, actual Praza da Constitución. Ditas portas, coroadas con dous arcos oxivos, pechábanse ó anoitecer e abríanse ó clarear o día. No recinto, en ángulo coa fortaleza, figura igualmente un pazo, do que hoxe se conserva un pequeno lenzo de parede no que se abre unha singular ventaniña gótica, que era a residencia dos señores da vila. Esta praza fortificada con forma rectangular estaba separada uns metros do edificio relixioso por unha muralla que corría paralela á primitiva igrexa de San Martiño.

Arredor, e ó amparo deste conxunto protector, os mariñeiros, artesáns e comerciantes van erguendo as súas vivendas. Dada

a importancia que as actividades relacionadas co mar teñen nestes primeiros tempos, parece lóxico pensar en grupos de casas que descendan cara ó mar e o río conformando barrios típicamente mariñeiro o máis preto posible do líquido elemento do que tan grandemente depende a súa vida cotiá. A topografía do lugar, ascenso suave desde o río e o mar ata o cume do pequeno outeiro onde se ergue a fortaleza e o templo relixioso, facilita a formación dun entramado viario bastante regular, co desenvolvemento dunhas rúas paralelas ós bordos ribeireños - rúas Condesa, Laxe e Canliña - , ás que cortan un conxunto numeroso de rúas más estreitas e de menor tamaño que facilitan o tránsito desde as ribeiras ata a parte alta do burgo.

A construción dunha primeira cerca protectora

Coa base nunha importante actividade pesqueira, mercantil e comercial, o burgo progrésa no espacio. O crecemento da cidade arredor da fortaleza do Tapal vai poñer de manifesto a necesidade de novas medidas de protección

que garantizaran a defensa efectiva dun enclave que, dado o seu florecemento económico, ía converterse nun botín moi apetecible, nun obxecto de desexo por parte da numerosa piratería que rondaba as costas atlánticas. A cittadela protectora inicial vai agora demostrarse insuficiente en caso de perigo para acoller a unha poboación que medrara grandemente. Por este motivo escomeza a pensarse na realización dunha obra defensiva que, rodeando a totalidade do espacio edificado, protexera o espacio urbano dun xeito más efectivo. Así, con toda probabilidade, a vila de Noia vai coñecer a realización dun primeiro recinto cercado, que seguramente no inicio, ó igual que se fixera noutras lugares, se tratase dunha empalizada de madeira, coa función de amparar dun ataque por sorpresa. Posteriormente, a idea de realizar unha obra consistente que fora capaz de resistir un prolongado ataque fai que esta empalizada vaia, progresivamente e en puntos moi determinados como podían ser as portas principais, sendo sustituída por unhas sólidas construccions en pedra. A

observación de planos e fotografías aéreas do núcleo antigo da vila de Noia permite apreciar sen dificultade o diferente entramado, estructura e morfoloxía urbanas, que presenta este segundo recinto defensivo. Se polas partes que daban ó mar e ó río a empalizada estaba en contacto directo coas augas, o límite pola parte de terra viría corresponderse aproximadamente cunha liña que, desde a rúa Antón de Noia - onde se erguía unha torre defensiva realizada en bos sillares de granito coñecida como "O Forte" - se continúa a través da rúa da Carnicería ata a que sería a entrada principal ó recinto por terra que se situaría no que hoxe é o lugar de encontro entre a rúa mencionada e as do Cantón e Comercio, para logo curvarse en dirección ó mar seguindo a actual rúa Mazacáñamos.



Fig.4. Malecón de Gasset a finais do XIX. As augas da ría bicaban directamente os alicerces da muralla. Desde a ribeira oposta ou desde o mar a silueta de Noia era inconfundible: o muro e o templo relixioso eran os protagonistas da paisaxe cittadá.

Quedarían por tanto fóra deste espacio cercado as actuais rúas do Comercio, Curro e Montero Ríos. A denominación dalgúnha destas rúas favorece e corrobora a hipótese proposta. Por exemplo, a coñecida como rúa do Comercio, nomeábase naquel tempo como Corredoira en clara referencia ó seu carácter rural extramuros. Cando posteriormente sexa absorbida polo crecemento urbano e se integre dentro dun segundo recinto amurallado, mudará de nome e coñecerase xa como Corredoira de Adentro, en clara oposición á Corredoira de Afora do espacio extramuros (hoxe Corredoira de Luís Cadarso). A mesma rúa dos Lagares, actual

Curro, pon de manifesto unha actividade realizada extramuros como eran os labores de salga, afumado, e outras dirixidas á conservación do peixe.

1320. A realización dunha segunda e definitiva muralla en pedra que abarcara a totalidade dun espacio urbano en expansión

En moitos casos, as murallas das que temos novas, son o resultado das modificacións sufridas no primitivo núcleo, e en numerosas ocasións o que nos chega é o segundo ou terceiro recinto, que fora cingundo a cidade a medida que tivo que modificar o seu espazo interior. En Noia, a muralla que mellor coñecemos é a realizada en 1320 que, como sabemos, se corresponde seguramente cunha ampliación dunha precedente. O

strucción dunha nova muralla suponía a confirmación do crecemento da superficie da vila, a edificación da mesma só tiña lugar en circunstancias especiais, dado que unha obra de tal envergadura precisaba dun enorme esforzo por parte da comunidade. O tipo de material, pedra de boa calidade, facía preciso o transporte desde as canteiras; a súa feitura precisaba dunhainxente man de obra; e por tanto erguer unha cerca suponía un notable esforzo para a comunidade por próspera que esta fosse. Por este motivo, era case indispensable o favor señorial para levála a cabo. Este apoio señorial constataba non só a axuda á defensa da cidade, senón tamén e principalmente, a importancia notable que conceden á vila no contexto urbano medieval. En Noia, o favor señorial vai vir da

forte crecemento experimentado pola vila, sinal evidente do acertado da elección do sitio e do lugar, vai dar lugar a que o anterior espacio fortificado non teña capacidade para acoller a unha poboación que cada vez acude en maior número atraída polas posibilidades deste nacente núcleo urbano. Nos seus bordos fórmanse outros asentamentos, os suburbios. Son estes arrabaldes, os barrios extramuros, que medran integrando o campo na cidade, os que axiña serán equiparables ó núcleo orixinal e esixirán a construción dun cerco amurallado cada vez máis grande de cara a integralos dentro dun espacio protexido. Pero, aínda dando por suposto de que a con-

man do arcebispo de Compostela e señor da vila, Don Berenguel de Landoira que, froito da oposición dos burgueses de Santiago á sua toma de posesión da sé arcebispal, vai verse na necesidade de solicitar axuda dos noieses coa intención de conseguila pola forza. Cando, vencida a resistencia dos composteláns logre facerse co poder, Don Berenguel non esquecerá a axuda prestada polas xentes de Noia. Deste xeito, no ano 1320, os noieses van quedar exentos durante un período de seis anos do pago de todo tipo de impostos co fin de que poidan financiar más facilmente as obras necesarias de ampliación da muralla. Seguramente, na idea do



Fig. 5. Reconstrucción ideal da paisaxe da vila de Noia en época preindustrial. No pasado, a muralla proporcionaba á vila unha silueta inconfundible. O seu perímetro envolvía e delimitaba claramente o rural do urbano. A cidade permanecía oculta tras os seus muros. Tras eles divisábanse os tellados das vivendas. Sómente aqueles edificios más destacados sobresaían do conxunto. En Noia, era a fortaleza do Tapal e, sobre todo, a igrexa de San Martiño coas súas torres e ábside ameadas, as que elevaban a súa silueta hacia o ar. O poder señorial e o poder de Deus dominaban a paisaxe urbana. Gravado realizado por Antonieta Castro para a revista Alameda.

Berenguel está tamén presente o elevar á vila de Noia á categoría de cidade, pois naquel momento a muralla pétrea non só era un elemento de protección senón que ó mesmo tempo sinalaba un espacio definido por un estatuto xurídico peculiar e diferenciado das terras rurais do entorno. A muralla significaba seguridade, pero igualmente era o elemento que tipificaba a unha cidade, o seu símbolo por excelencia.

O trazado

No pasado, a forma da cidade nació directamente da forma do lugar. Así, a muralla segue á topografía e en todos os casos caracterízase pola súa constante adaptación ó terreo. Búscase, polo xeral, que algúns dos seus lenzos corra paralelo a cursos de auga que funcionan como elementos de defensa naturais. Asemade, nas vilas e cidades ribeireñas, a muralla protexe contra as crecidas dos ríos e os embates das augas do mar. En Noia, a muralla segue a liña da ribeira fixada polo mar e o río Traba con cuias augas estaba en contacto

directo; constitúe a orela da vila sobre a auga. O seu trazado adquire nestes bordos unha forma triangular con vértice na porta da Peregrina onde desemboca a Ponte Grande de Noia. Pola parte norte, a muralla ascendía seguindo a actual rúa do Ferrador ata aproximadamente a altura do Casino, para desde aquí xirar con dirección sur ata a Porta da Vila, e logo continuar en lixeiro descenso, seguindo a actual Carreiraña ata o río Traba, deixando fóra dos seus límites a igrexa de Santa María a Nova.

Fora cal fose a súa forma, a muralla representaba o límite máximo da área intramuros definido, para a vila e/ou cidade, contornos que acompañarán durante séculos. Na Noia actual, con lxeiras variacións, o antigo trazado da muralla pervive con forza, posto que as vivendas dos bordos do recinto histórico realizaronse en moitos casos sobre a muralla mesma e empregando a súa pedra. Ademais, a realización das estradas que bordean o núcleo, paralelas á antiga muralla que circunvalan, van delimitar claramente o trazado da primitiva cerca.

Características

Coñecemos, a través de documentos varios e por excavacións arqueolóxicas de urxencia levadas a cabo como paso previo á realización de vivendas nos bordos, que a muralla estaba realizada en grandes pedras informes extraídas directamente da canteira. Nas partes interiores da mesma, nas que mirarían hacia dentro do recinto cercado, presentaba un paramento con blocos relativamente más regulares, cementados por un barro de cor amarelento e nos que con frecuencia pequenas pedras van desempeñar a función de cuñas con vistas a inmovilizar mellor as pedras más grandes. A anchura da mesma superaba en pouco os dos metros, podendo chegar ás dous metros e medio na proximidade das portas principais. En canto á súa altura, esta situaríase entre cinco e seis metros, tapando á vista as vivendas que rodeaba. Nos torreóns ou cubos intercalados na muralla a altura podía chegar posiblemente ós sete metros e incluso máis. Na parte superior presentaba un acabado en ameas.

Portas

Non é posible falar da muralla sen sinalar a función especial da porta na cidade, que moito más que unha mera aperture era un lugar de encontro entre dous mundos, o rural e o urbano; un elemento de relación e de diálogo entre o de dentro e o de fóra. A porta principal ofrecía o primeiro saúdo ó mercader, ó peregrino e ó comerciante. Era á vez aduana e posto de control da inmigración; ademáis, nas proximidades das portas situábanse os almacéns, tabernas e pousadas, como sucedía por exemplo na Corredoría de Afora en contacto coa Porta da Vila. O número de portas que se abrían nas murallas variaba en función da extensión do núcleo, da súa importancia, das vías de comunicación que as unían con outras entidades urbanas, en definitiva, segundo a categoría da vila e das súas relacións co exterior.

A vila de Noia contaba cunha ducia de portas que interrumpían de cando en cando a continuidade do trazado da muralla. Neste a simple vista elevado número, debemos aclarar, que baixo a xenérica denominación de portas están incluídos tamén os postigos, polos que unicamente podían penetrar as persoas, non así as bestias ou carretas. A súa estreitez compre a misión de impedir o tránsito de mercadorías ó interior da vila, xa que con esta finalidade só estaban destinadas as chamadas "portas reais" ou principais da vila. Os postigos facilitaban o exclusivo tránsito dos veciños das riberas marítima e fluvial, pero nunca daban acceso a redes viarias importantes como facían as portas propiamente ditas.

As portas principais, as que acollían un importante fluxo de homes e mercadorías, soían estar protexidas por torreóns defensivos que as flanqueaban. Son portas




Fig. 6. Tipos de portas que se abrían na muralla. Arcos de medio punto e arcos oxivos coroaban portas e postigos. Gravados realizados por Antonieta Castro para a revista Alameda.

que, realizadas con grosos tablóns de madeira, a veces recubertos con chapas e clavos, "acorazadas", constan de poderosas ferraxes que permiten pechálas ó solpor e abrillas coas primeiras luces do día. En Noia, as portas da Vila e da Peregrina respondían a este tipo de porta monumental. Eran portas de arco góticu realizadas en bos sillares graníticos. Dúas torres ameadas a ambos

lados protexían o seu tránsito. Fortalecía o carácter protector a existencia, en cada unha delas, dunha figura dun santo que figura ba na parte posterior da porta, metido nunha hornacina a maneira de capela e ó que a veces se lle adicaban oficios relixiosos no mesmo lugar. Estas figuras relixiosas, ademáis de ofrecer a protección divina, emprestaban o seu nome á porta contribuíndo á súa



Fig. 7. Reconstrucción ideal da Porta da Vila. As monumentais portas que recibían ó viaxeiro nas dúas entradas principais, a Porta da Vila e a da Peregrina, estaban flanqueadas por dúas torres defensivas ameadas. Nos dous casos, estaban baixo a protección de sendas imaxes relixiosas emprazadas nunha pequena hornacina na parte interior. Gravado realizado por Antonieta Castro para a revista Alameda.

diferenciación, como sucedía por exemplo coa porta da Peregrina. Nunha das torres da fachada da Porta da Vila, aparecía o escudo de armas de D. Pedro Fernández de Castro e Portugal, conde de Lemos. O aspecto que ofrecían ó viaxeiro era maxestuoso. Case podemos imaxinar a sensación de poderío que presentaban ante o visitante que chegaba á Porta da Vila a través da Corredoira de Afora. Incluso más espectacular debía ser a entrada pola Porta da Peregrina, para aqueles que traspasada a monumental Ponte Grande de Noia cos seus dezaseis arcos, encamiñaban os seus pasos hacia a praza de armas da fortaleza do Tapal.

Pero non debemos esquecer que a muralla, ademais da súa función defensiva era tamén un elemento de control, un elemento favorable para levar a cabo a fiscalización municipal. Por conseguinte, as portas que se abrían a intervalos regulares na cerca, constituían lugares de paso e control de cara á percepción de impostos. Así, os *fieis* (cobradores) das *alcabalas*, exercían o seu control nas portas de entrada ó recinto cercado. Os fielatos, existentes ata fai moi pouco nas entradas principais da vila (na

Ponte de Noia en forma de caseta de madeira), eran a pervivencia destes primitivos controis fiscais.

De non ser en tempos de guerra ou ameaza de presencia da peste, as portas e postigos manteríanse abertos desde o mencer ata o solpor, confirmando a súa función primordial de puntos de contacto entre o interior e o exterior da muralla, lugares de entrada e saída. Saídas que apuntaban dirección, que ou ben se esgotaban no sector periurbano próximo como se perdían en destinos más ou menos afastados. Uns e outros moitas veces anunciados por unha topónimia suxestiva que daba ás portas e/ou postigos o nome do local para onde se orientaban os camiños que deles partían. As portas permiten igualmente chegar con rapidez ás hortas, viñas, muíños, píos de curtir é salgar, etc., en definitiva, os lugares de traballo extramuros.

Muralla, torres, portas e postigos pechaban un espacio vivo, moldeado, alterado e enriquecido polos homes e mulleres que sucedéndose de xeración en xeración aí habitaron. Todo este conxunto de elementos simbólicos, representativos dunha época

de esplendor, desapareceron da vila de Noia. Na actualidade só é posible traelos á memoria contemplando as vellas fotografías de finais do século XIX, idade ata a que lograron perdurar. Os novos tempos coas novas necesidades fixeronos desaparecer. O desinterés por preservar unha parte tan importante da historia da vila, fixo que incluso no recentemente aprobado Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico, non figuren como espacios a protexer as dúas únicas e minúsculas testemuñas que se conservan en pé da muralla (no Malecón de Cadalso unha, na Porta da Vila a outra). É o signo dos tempos, o senso práctico e economicista da vida actual. Segue erroneamente a pensarse que é moi máis interesante e rentable política e económica favorecer unha operación urbanística especulativa que conservar "unhas pedras" que só son importantes para "catro románticos". O eterno e falaz discurso do "progreso contra a historia" que, levado á práctica urbanística nos últimos 30 anos, conduxo á vila de Noia a unha despiadada destrucción do seu pasado.

Fig. 8. A vila de Noia a finais do século XIX. A imaxe dunha vila medieval cercada por unha muralla e co "*rañaceos de Deus*" dominando a paisaxe, persegue con forza ata finais do século XIX. Aprécianse claramente varios lenzos da muralla en contacto directo coas augas; tamén a antiga Ponte Grande de Noia; así como os tradicionais secadeiros de peixe en forma dun entramado de paus no borde da vila que mira ó río Traba. A silueta do novo edificio do Concello, actual instituto Virxe do Mar (1889), anuncia xa os novos tempos de cambio.



Carta Puebla fundacional da vila de Noia

O nacemento "oficial" da actual vila de Noia ten lugar cando Fernando II, rei de Asturias, León e Galicia, outorga no ano 1168 a Carta Puebla de fundación. Mediante este documento autorízase o establecemento dun novo burgo que veña a sustituir a un anterior situado nun lugar indeterminado entre a Barquiña e Barro. Neste novo emprazamento urbano, calificado como burgo e vila, sinálase que todas as persoas que nel habiten estarán suxeitas ó Señorío de Compostela, cidade da que Noia se considera como o seu porto de entrada e saída ó Atlántico. A Carta foral é un ordenamento xurídico que recolle os prilexios e exencións tributarias, penais ou procesais concedidas polo monarca. Trátase dunha serie de privilexios como por exemplo liberar ós habitantes urbanos dunha serie de obrigas co obxectivo de atraer hacia a urbe o maior número de xente.

O fvero viña sancionar xuridicamente o feito dun asentamento de poboación situado estratéxicamente de cara á explotación dos recursos do mar, pero ademáis, creaba as condicións propicias para un maior e más rápido desenvolvemento baixo a protección e favor reais. Ó igual que sucede noutros casos, a Carta Puebla, supón para a vila de Noia o punto de partida do que, co tempo, será un amplo código de normas privilexiadas polas que se rexirá a vila. O texto fernandino proporciona indicadores suficientes para recoñecer a intención monárquica de estabilizar a poboación preexistente, tratar de atraer outra nova, e promover o desenvolvemento das actividades marítimo-comerciais do lugar.

Transcripción do orixinal

"Cristo. En nome da Santa e indivisible Trinidade que é venerada e adorada polos fieis nunha soa deidade. As cousas que son ofrecidas ás igrexas e lugares dignos de veneración polos reis ou príncipes deben ser expresadas en testemuñas escritas e documentos para que despois da morte non sexan enviados ó esquecemento por un longo tempo. Sexa reconécido polo tanto polo tempo presente e os vindeiros que eu Fernando, pola gracia de Deus rei dos hispanos... dou e concedo a vós, meu fiel señor Don Pedro, elexido bispo de Compostela, que edifiques e fundes un novo burgo e un novo porto na terra do Señor Santiago, no término de Santa Cristina de Noia, na ribeira do río Tambre, para honra de Deus e da igrexa antes citada que vos elixe a vós como pai e pastor. E o tal burgo e porto será chamado en adiante Totum Bonum (Todo Bo); e inclusive institúo o burgo en esta forma, a saber, que todos os cidadáns de Compostela ou calesquera outros que alí habiten ou teñan casas de morada, non paguen outro peaxe que o portádego e peaxe que acostuman pagar os

navíos. Igualmente os estranxeiros pagarán segundo o costume e ordenanzas doutros portos. Que todo o burgo e a vila sexa vosa e de todos os vosos sucesores como o é a cidade compostelana. Do portádego das naves resérвome para mim e para o meu fisco a metade, que prometo e decido non dar a ningunha outra persoa, nin Conde, nin Cabaleiro, e en caso de cedela, só o farei a Vós ou ós vosos sucesores. Mando e ordeo que o burgo se pobre segundo o Fvero de Compostela, e que todos os que nel habiten e viven estean suxeitos a vós e a todos os Arcebispos de Santiago, como o están os cidadáns de Compostela. Engado, ademáis, que desde o Faro (A Coruña) ata este porto que chamamos Totum Bonum, e desde este porto ata Santa María da Lanzada e áinda ata Padrón, deixe de observarse o malo costume do naufraxio, polo cal os náufragos ou navegantes vense na obriga de entregar as súas naves e o seu cargamento ós Señores da terra; e que ós mareantes que dentro dos devanditos términos lle sucedese padecer naufraxio ou perigo de perderse, se

lle restitúan as súas naves e todas as súas cousas sen diminución e molestia algúnhia, se é que puidesen escapar da tempestade. Pero esto entenderase dos barcos que venen consignados ó porto do Apostol, e non de outros. Quero igualmente que todos os habitantes e moradores do referido burgo sexan vosos vasalos e dos Arcebispos de Compostela, e non de ningunha outra persoa.

E isto declaroo para a restauración do porto do Apostol, para que calquera que se atreva a atacalo ou perturba-lo, caia baixo a ira e indignación de Deus e de Santiago, xunto coa excomunión e sexa considerado reo de lesa Maxestade e padeza a perda de todos os seus bens e exilio perpetuo. Que esta carta teña perpetua vixencia. A cal foi feita na cidade de Lugo no ano 1168, o día 4 de Abril, sendo rei o señor don Fernando de León, Extremadura, Galicia e Asturias.

Eu, Fernando pola gracia de Deus, que din orde de facer este escrito, asíno coa miña propia autoridade". (Seguen as firmas).

Propter hoc et in diuidis quinque que affectibus in una deitate colitur et adoratur. Ea
 que affectibus suis propriis et locis uenabilius donant locum testimonium et nomo.
Ailes sunt et premeantur ne postmodum longo tempore obliuionem tradantur. Noscit ergo
 pessens etiam et fideliter quod ego fernandus filius regis aer hispaniorum amore omnipotens dei et fassus
 mi apostoli iacobus capituli et patrionis nostri dono et concedo ut fidei meae anno per electo compostellano. ut
 nouum burgum et portum edificemus et instituamus in episcopatu sacerdotio sancte episcopine de novis. in
 propria flumine ramulis. ad honorem dei et ecclesie predicatorum que nos in partem et pastorem elegit. Hic autem
 burgus sive portus de ecclesiis totum bonum alienum uocatur. et taliter instituo burgum. ut omnes naves
 compostellanae et quamque ibi habitantur. aut proprias demos ibi habueantur nullum ibi pedante pedo
 gnum. si ut est consuetudo naves suae pedantur pretorium et uiscitatum pedagum. Similiter et ex
 quamque iure more et ipsius aliorum portuum. Vnde burgus sit uestis sive nulli sic compostella ciuitatis.
 et omnium successorum uporum in portuum. De portu vero narium medietate pax mea regne
 et in soli regnico pueris et statuens quod nulli unquam ab aliis pescere non comint. non multa. si tantum nichil
 penitentia et consequabo. Et hec mei medietatis nunquam transferetur ad alios nisi aduos. aut ad sue
 cessores usque. Statuo etiam et mande ipsam burgum ad forum compostelle. ut omnes in eo habitantes
 uiuant. et ut amici qui auctoritas sancti Iacobi respondent. sicut et uies compostellanae. Adiuio etiam quod
 auctoritate usque ad hunc portum. que rotum bonum vocamus. et ab hec portu usque ad sanctam mariam de la
 uram. ut ena usque ad portum non sit illa propria recessu uauis et uite et
 naves et omnes res suas cum tibi in alijs longis et portibus redele coguntur. Sed naves aliquas uenient
 de portu sancti Iacobi. et sibi terminos assignatos naufragii et pericula passa fuerit. et naves et res
 eius aliisque diminutione et in quietatione suorum sint dnoz. si maioris tempestatis euade portuere.
 Hoc sit tam de nauibus illis que ad portum apostoli uenerint. non de aliis. Hoc ena ad fungo. quod
 omnis in eole et habitatores burgi illi memor. sint usque usque et auctoritas compostellanae. et nun
 quam alterius.

Hoc ego facio ad restauracionem portus apostoli. quod quicunque in fringente ut per turbatae tempestatem
 et in dignatione dei et beatissimi iacobi cum circunlocutione incipiat. et regie maiestatis regis tenet
 portum etiam et suorum omnium amissionem patitur. et hec lastra sepius subiret obtineat. que scilicet in iste
 lucensi. Sub episcopatu domini. ccc. vii. et quartu. v. id est applicatur. Regnante rege domino fernando. legione. Et ipse
 mundus. Gallicani. et asturias. Ego secundum filium regis aer hispaniorum hoc scriptum quod fieri insi-
 piro labore amissimo.

| | |
|-----------------------|-------|
| Iohannes lucensis | epis. |
| Petri auriensis. | epis. |
| Iohannes legonensis | epis. |
| Eusebius auresis | epis. |
| Fernandus asturicus | epis. |
| Stephanus remensis | epis. |
| Petri salmantinus | epis. |
| Eustachius campensis. | epis. |



Comes uppedensis maior domini regis
 Comes petrus dominus in legione
 Comes petrus dominus in asturias
 Comes Romae dominus in legione
 Comes reddito in suffitu
 Ramphi petri signifer regis



Aurora Marco

Personaxes

Lisardo Barreiro



Entre os denominados "Epígonos" da nosa historia literaria figura un noiés, Lisardo Rodríguez Barreiro, escritor bilíngüe que, na sua estadia en Santiago como estudiante de Medicina e Farmacia, iniciou unha intensa actividade xornalística. Mozo inquedo, participaba en veladas literarias no Casino compostelano, pronunciaba brindis e, ao dicer de Romero Blanco, elocuentes discursos nas manifestacions estudiantis. Como escritor, publicou o seu primeiro libro aos 22 anos e, a partir daquel momento, a sua asinatura encontramo-la asiduamente en revistas e xornais. De Santiago pasou a Madrid mais en 1885 regresou á terra, estableceu-se en Vilagarcia de Arousa como farmacéutico, continuou coas suas colaboracions na imprensa da época, escrebeu un novo libro de poemas, e ali morreu. Lisardo Rodríguez Barreiro asinaba co seu segundo apelido.



Fotografia reproducida de *Escumas e brétemas galegas*, 1923

VIDA

Lisardo Barreiro naceu en Noia o 7 de xaneiro de 1862. Estudou en Santiago Medicina e Farmacia e debeu iniciar tamén os estudos de Filosofia e Letras, segundo deixou escrito no libro *Esbozos e siluetas de un viaje por Galicia*. En Compostela bulia entón unha xuventude inqueda que organizaba actos culturais en que a literatura, a música e as discussións sobre temas de actualidade enchian os dias daqueles estudiantes. Naquela altura o Español, o café de moda máis concorrido da cidade, acababa de inaugurar-se e un dos proprietarios, Perdigón, profesor de música, alén de intelixente industrial, tivera a feliz idea de organizar unha sociedade de concertos onde se reunía o máis selecto do corpo escolar. Ali se formou un admirábel cuarteto, integrado polos violinistas Hilario Courtier e Enrique Parga, o pianista Daniel Penela e con eles a frauta de Bernardino Viqueira. Lisardo Barreiro axiña se introduciu naqueles círculos que evoca con paixón nos seus libros: alén do citado cuarteto que el escutaba emocionado nun rincón do café, lembra tamén a Domingo Vicencio, estudiante de Medicina cubano, alcumado "Pitipá" que chegou a ser mui coñecido na Universidade polas suas falcatrudas; o concorrido billar de *Hilarión*, na Rua Nova; a timba máis visitada, a do *cusco* de Matias; a casa de préstamos do inolvidábel *Manuel*; as

FESTAS PATRONAIS



NOIA - 2000

PROGRAMA

| 19 – Sábado | 24 – Xoves |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Finais de Tenis Mesa | 20'30: Baile Galego: Actuación do Grupo de Baile Galego Liceo de Noia e exhibición de danza moderna polo Grupo de Ximnasia do Liceo , baixo a dirección de Ana Angueira . |
| 25 – Venres | 26 – Sábado |
| 23'30: Gran Verbena amenizada pola orquesta PRINCIPAL | 22'00: Actuación da agrupación BOHEMIOS |
| 27 – Domingo | 28 – Luns |
| 23'00: TEATRO : Os vellos non deben de namorarse, de CASTELAO, do que se cumple o 50 aniversario do seu pasamento, polo grupo Liceo-Teatro. (Tamén se representará o venres, día 1 de setembro, ás 20'30) | 20'30: Misa LXXII Aniversario da fundación da sociedade Liceo na igrexa parroquial de San Martiño, que será cantada pola Coral da Sociedade en memoria dos socios/as finados. 23'30: Baile aniversario amenizado pola orquesta SENADORES |
| 1 – Setembro | |
| Comienzo do “ 1º Campionato de Chave Liceo ” nos terreos deportivos de Ceilán. Ás 19'45 presentación do libro “ Anxo Senra Fernández ”, de Carlos Pereira Martínez, publicado por Toxosoutos. Ás 20'30 segunda representación do Grupo Liceo-Teatro con “ Os vellos non deben de namorarse ”. | |

TEATRO

OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE, estrea do "Liceo-Teatro" o 27 de agosto.

O grupo "Liceo-Teatro" levará ao escenario da nosa Sociedade o día 27 de agosto a obra de Castelao OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE baixo a dirección de Xosé Agrelo, como homenaxe ao ilustre rianxeiro no seu 50º cabodano.


Esta obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950) é xa un clásico do teatro galego. Foi estreada en Buenos Aires o 14 de agosto de 1941 pola Compañía Gallega de Maruja Villanueva no Teatro Mayo, dirixida polo propio autor que deseñou tamén a escenografía, figuríns, lúces etc. As máscaras usadas daquela foron realizadas polo escultor compostelán Domingo Maza e pintadas polo escritor. En Galicia, debido á persecución da figura e a obra de Castelao por parte do franquismo, non puido estrearse ata o 25 de xullo de 1961, en única función na Praza da Quintana de Santiago, polo coro *Cántigas e Agarimos* dirixido por Rodolfo López Veiga.

OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE é unha farsa en tres lances –actos– e un epílogo de concepción xeral plástica e extraliteraria áinda que a carga literaria e considerábel pero non dixerira en retórica, buscando más a estética. Cada lance é pechado en si mesmo valéndose duns personaxes-tipo que son equivalentes nos tres lances, resumindo no epílogo o propósito da farsa.

Como dato a ter en conta é de suliñar que Castelao escribiu en primeiro lugar o terceiro lance, no que a protagonista feminina é Pimpinela, cando aínda non estaba concebida a obra na súa totalidade.



EXPOSICIÓN



- Do 1 ao 15 de agosto: pinturas realizadas polos alumnos da Escola do Liceo
- Do 18 ao 31 de agosto: gravados dos alumnos do cursiño dirixido polo artista noiés Alfonso Costa.
- O día 18 de agosto entregaráanse os premios aos mellores gravados

Anónimo. Escola de gravado Alfonso Costa



**TOUROS EN NOIA – ANO 1951
“ESGHOIRA” EN PLENA FAENA**

actividades do Liceo de San Agustín, onde se celebraban exposicións, veladas literárias, conferéncias, representacións teatrais; as cañas da pastelería de *Pepiña*; as excursións e merendas dos domingos en Vidán (ainda non existían os xardins diante da Alameda); a primeira visita que recebian de mañanciña os estudiantes, a do falador *Cañotas* para limpar o calzado e referir catro chismes de vicindário...

Mesturado neste ambiente cultural e de lecer, Lisardo Barreiro participa, segundo testemuña Romero Blanco na carta-prólogo ao libro *Muestras sin valor*, pronunciando discursos nas manifestacións estudiantis, lendo os seus poemas nas veladas do Casino, plenamente integrado na vida compostelana. Destaca Romero Blanco a velada literaria dedicada á memoria de Moreno Nieto: "Le he conocido a V. por primera vez, en la velada literaria que hemos dedicado a la memoria del inolvidable Moreno Nieto. No tenía V. de barba, entonces, ni la aspiración a ella. Al verle tan joven, y que se disponía a leer una poesía propia, he temido por la formalidad del acto. ¡Nunca olvidaré su poesía gallega, dedicada al malogrado sabio, y a la par de ella lo magistral de su lectura, la casi recitación de aquellos hermosos versos. ¡Cuánto ganarían todos los de V., que valen mucho, si V. los acompañase siempre para leerlos! Verdad es que podía V. marchar solo. Los lleva en la cabeza, juntamente con los de los poetas sus favoritos".

Esta etapa estudiantil tamén ficou recriada na sua obra poética: "El motín escolar", "Suspensó", "Aprobado", "Na praza dos literarios", son poemas do libro *Muestras sin valor* que recollen vivencias e lembranzas daqueles anos de estudiante en Compostela. Mais, ao tempo que cursaba as carreiras de Medicina e Farmacia, iniciou a actividade xornalística. Segundo Fabeiro Gómez, fundou con Alfredo Brañas *El Ciclón*,

xornal satírico semanal aparecido en Santiago en 1883, *El Tricornio*, do que foi director. Máis tarde pasou a Ferrol onde dirixiu *El Correo Gallego*, e foi redactor de *La Voz de Galicia*, *El Clamor del País*, *El Clamor de Galicia*, *La Cítara*, etc.

En Madrid, a onde se trasladara sen que poidamos precisar data, proseguíu o seu fecundo labor xornalístico. Na evocación que fai de Curros Enríquez, en *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia*, lembra o escritor noiés un dia de verán co poeta celanovés en Madrid, na redacción de *El País*, a onde o fora buscar. En 1885 regresa a Galiza e, como inspector sanitario, presta os seus servicios durante a epidémia de cólera. Pouco despois, esta-



Fotografía reproducida de
Vida gallega, nº 450, 1931

beleceu-se como farmacéutico en Vilagarcía de Arousa. Ali continuou o seu labor de criación, participou en concursos poéticos –como o celebrado en Lugo en 1896 onde obtivo o 1º premio por un romance en castellano, *El Soldado Gallego*–, deu ao prelo un poemario, esta vez totalmente en galego, *Escumas e brétemas galegas*, e redactou unha obra autobiográfica, *Evocaciones*, que ficou inédita.


Este escritor noiés, que en 1939 foi nomeado membro numerario da Real Academia Galega polos seus méritos literários, debeu gozar de muita popularidade. Os seus poemas foron reiteradamente reproducidos en diferentes

publicacións periódicas e mesmo musicados: o músico e compositor Egidio Paz Hermo, da Póboa do Caramiñal, puxo-lle música a dous poemas seus, "Soedades" e "Auras".

O 14 de maio de 1943 morreu en Vilagaria de Arousa, a vila que o acolleu durante longos anos.

OBRA

Barreiro comezou a publicar a idade temperá. Embora non publicase máis que tres libros, a sua asimatura, como



xa apontamos, figura asiduamente na imprensa galega e non galega. Trata-se, en ocasións, de reproducións de poemas da sua autoría recopilados anterior ou posteriormente mais, noutros casos, son textos novos. Por outra parte, do seu intenso labor no campo do xornalismo apenas posuimos información. Hacería que facer un traballo de respiga demorado (e dificultoso) para localizar e catalogar todas as suas colaboracións nos xornais, traballo que excede con mucho os límites desta semblanza. No entanto, daremos conta dos tres libros que publicou e a relación de revistas e xornais en que colaborou.

A primeira obra publicada, *Muestras sin valor. Pasatiempos literarios*, saiu do prelo en 1884. Leva unha carta-prólogo de outro noiés ben coñecido, Francisco Romero Blanco, que ten a sua historia. O autor explica no libro que lle pediu un prólogo a Romero Blanco –e inclui a carta con tal petición– e que o anatómico noiés se negou a tal pedimento. Mais esta negativa –unha longa carta-contestación– converteu-se realmente en prólogo ao inseri-la Barreiro no libro. Nelas páxinas Romero Blanco, alén dalgunhas divagacións filosóficas, fala de Lisardo Barreiro como poeta vinculado a Galiza ("y es que Galicia y usted, unidos por la locura de amor que he dicho, son una misma cosa") e refere-se ao medio de expresión utilizado, galego e castellano, indicando que, ainda escrevendo en castellano, "es el gallego disfrazado con el habla de Castilla".

O libro de versos é bilíngüe e leva un texto final en prosa, "La roca de la muerte". Contén poemas, en galego, a Rosalia, Pondal, Añón, Aguirre, Muruais, poemas evocadores da etapa estudiantil, alguns de tipo epigramático...


A segunda obra publicada, bilíngüe tamén, é un libro misceláneo intitulado *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia*, que viu a luz en 1890 na colección "Biblioteca Gallega" que editaba na Coruña Andrés Martínez Salazar. Abre-se cunha introdución en que un curioso viaxeiro, que anda en busca de impresións, coincide na sua viaxe cun galego e comezan a falar de Galiza. Iso dá pe a Lisardo Barreiro para mostrar as suas opiniões sobre diferentes temas: a emigración, o carácter das xentes galegas, as correntes políticas que predominaban daquela en Galiza, a lingua, os costumes... Seguen-lle a esta introducción outros textos de diferente teor: semblanzas de personaxes destacadas da vida política e cultural xa desaparecidas como o

violinista Enrique Parga, o pintor e debuxante Ramón Legrande, o xornalista Ramón del Valle e o escritor, xornalista e pianista Víctor Vázquez, secretario do comité republicano-progresista, morto aos 28 anos de idade. Outros textos son crónicas de viaxe onde describe, por exemplo, a cascada do Pindo ("Niagara de Galiza"), Vilagarcía, Póboa do Caramiñal, Pontevedra, Marín, Vigo, a ria de Arousa, de Padrón a Cesures, o Sil... Son textos mui interesantes onde, alén da miúda descripción, aparece a paisaxe humana: as aureanas do Sil, as mulleres do Barco, un canto à muller galega centrado nas do Barco que, segundo manifesta, engaiolan pola sua forma de expresarse, semellante ás do porto de Muros. E hai, finalmente, outra serie de textos dedicados a figuras do noso panorama literario: Curros Enríquez (fala da "cántiga"); "Queixumes dos pinos" coa evocación do poeta Pondal e a lembranza dos seus encontros con el na Coruña e Santiago; "Unha visita a Rosalia Castro", onde narra a visita a Padrón, á casa do matrimonio, o encontro con Murguía e as fillas de Rosalia que, aquel dia xa se encontraba ferida de morte; "La hermana de Añón", un texto mui interesante e fundamental para coñecer a existencia desta poeta da Serra de Outes, irmá do malogrado Francisco Añón. Lisardo Barreiro foi un dia do mes de maio ao lugar de Boel, desde a Barquiña, e ali descubriu a Nicolasa Añón, de 76 anos, ocupada nos labores agrícolas. Pasou un dia con ela e coa sua familia e recolleu por escrito os dous poemas de que temos noticia, da autoría de Nicolasa, que lle recitou de memoria, un dedicado ao seu irmao Francisco, unha elexia, e outro ao rei Alfonso XII, con motivo da sua visita a Santiago.

O terceiro libro de Barreiro, integralmente en galego, é un poemario, *Escumas e brétemas galegas*, publi-

cado en Santiago en 1923. Leva duas dedicatórias: para os novos, "xuventude esperta, soñadora e baruda, loumíñada pola acesa fogueira do baril pensamento", e para os vellos, "os que xa foron...envellecidos e cansos na ruda loita".

Este poemario, en que o autor fai profesión de galeguidez, é revelador da sua poética e mostra unha madurez que non había nos poemas temperás de *Muestras sin valor*. No libro achamos poemas simbólicos de tipo heroico sobre a "céltica nación galega", descripcións paisaxísti-



cas e composicións de tipo narrativo con pegadas de Pondal e de Curros.

Manuel Fabeiro Gómez di que é autor tamén de varios traballos de carácter científico e cita os seguintes: *El virrey de los metales*, *La esencia de la trementina*, *El mildew* e *Riquezas olvidadas*, traballos que non temos atopado por ningures, posibelmente serían publicados en xornais.

Xa indicamos que os seus poemas se reproducieron en mui diferentes publicacións. Temos constancia das colla-

boracións de Barreiro, con textos de criación, nas seguintes revistas e xornais: *O Tío Marcos da Portela*, *La raza*, *Maruxa*, *Céltiga*, *El Eco de Santiago*, *La Ilustración Gallega*, *Galicia*, revista mensual ilustrada (Madrid), *Galicia* (A Coruña), *Gaita Gallega*, *Follas Novas* (Habana), *Suevia* (Habana), *A Monteira*.

Unha figura interesante e pouco coñecida a de Lisardo Barreiro. Case non hai bibliografía sobre el, apenas duas entradas na *Gran Enciclopedia Gallega* (de Manuel Fabeiro Gómez) e no *Diccionario de Literatura*, coordinado por Dores Vilavedra. Cumpriría completar a biobiografía de muitos escritores e escritoras que, como Lisardo Barreiro, dedicaron parte da sua vida a actividades públicas como a da escrita, literaria e xornalística. Esa é unha débeda que temos con muitos homes e mulleres que conformaron o noso pasado. Sen el, difficilmente poderíamos explicar o presente.

Para finalizarmos esta semblanza sobre o escritor noiés, ofrecemos algunas mostras da sua producción literaria, tiradas, a primeira e a segunda, de *Muestras sin valor* e, a terceira, de *Escumas e brétemas galegas*:

ROSALIA CASTRO


Son as notas da probe Rosalía
o que din ó caer as follas secas,
o docío piar dos paxariños
entre os loureiros das verdosas veigas,
o que falan as edras gaveando,
polas rendixas das negridas pedras.
As bagullas de sangue dos irmáns
que esgomían de fame en terra allea,
a lembranza das nosas rías baixas
os descunchados craustros das igrexas.
O que falan os ábores cas brisas,
o son da nosa gaita paroleira,
i ese ardente cariño que lle temos
á patria de Galicia, nosa terra.


FRANCISCO AÑÓN

O canto deste mártir é a súa patria,
as pantasmas do frío simenterio,
as casiñas dos probes, ferruxentas,
e agachadas aló entre os salgueiros.
As volveretas que no xardín voan,
un amor que o roi, mal encuberto,
i esos buracos que alumean trémolos
alá lonxe na bóveda do ceo.
Son as pingas de fel que pouco a pouco,
foron nun vello corazón caendo,
gargalladas con bágoas molecidas
a sátiras enxebres do gallego,
e o derradeiro jai! que papexou
cando o ceibaron dun hospital dentro...

Eu son da terra celta
das néboas e dos fumes,
dos días de sol, mornos,
das noites de luar;
a das frolidades veigas,
a das inxentes cumes,
dos regos bulizosos,
do maino ou ronco mar.

Eu son da nobre e forte
Galicia, a malfadada,
a das morriñas santas,
a xenerosa e fiel;
dos xeórxicos monturnios,
da musa namorada,
baruda de costumes,
fidalga de broquel.





Gravado de **Antonieta Castro**. Escola de Gravado “Alfonso Costa”



Xerardo Agrafoxo

Historia

30 anos dun tráxico naufraxio

O pasado 1 de xuño, La Voz de Galicia lembaba no seu suplemento PESCA a tráxica historia do pesqueiro ISLA cos seguintes titulares: CATORCE MARINEROS MURIERON EN 1970, A SOLO 300 METROS DE LA TORRE DE HÉRCULES. De maneira precisa narraba algún dos pormenores do accidente.

Eran las cinco de la madrugada del domingo 4 de Octubre de 1970 cuando el pesquero coruñés Isla chocó, debido a un fallo humano contra una de las rocas, conocida como "O Boi", que están situadas a unos trescientos metros de la Torre de Hércules. Transcurridas más de tres horas de naufragio, todavía no se había organizado el salvamento de sus tripulantes, catorce de los cuales, murieron, a pesar de que el tiempo reinante no era malo. La indignación fue enorme en A Coruña y sirvió como detonante para que desde entonces se incorporase a las labores del Salvamento un helicóptero del SAR y una lancha.

Carlos Fernández

Trinta anos dispois, a noticia ten relevancia de que o único superviviente era de Noia (**Ramón Seoane Martínez**) así como un dos catorce mariñeiros que perdieron a vida (**Xosé Carreño Lamas**).

A través do relato dos dous xornais da cidade é posible na actualidade determinar como se produxeron os acontecementos. La Voz de Galicia (6 de outubro 1970) titulaba así a primeira páxina: UN HELICÓPTERO PODRÍA QUIZÁ HABER SALVADO A ALGUNA DE LAS 14 VÍCTIMAS. VARIOS NAUFRAGOS DESAPARECIERON A LA VISTA DE LA GENTE, DESPUÉS DE HABER ESTADO HORAS LUCHANDO CON EL MAR. SUS GRITOS HABÍAN DESPERTADO A LOS VECINOS DE LAS LAGOAS. PERO LA FALTA DE MEDIOS DE SALVAMENTO ADECUADOS HIZO INÚTILES LOS ESFUERZOS DE CUANTOS ACUDIERON EN SU AUXILIO.

Na páxina oito e baixo o título PERECIERON 14 TRIPULANTES DEL PESQUERO CO-RUÑES "LA ISLA" EN

LAS INMEDIACIONES DE LA TORRE DE HERCULES, contaba como se produciu a traxedia:

Catorce hombres, tripulantes del pesquero de base en La Coruña «LA ISLA», han muerto a la vista, por así decirlo, de los vecinos de Las Lagoas, en la madrugada del domingo, sin que nadie pudiese prestarles auxilio. La impresión de las escenas que presenciamos en aquel modesto barrio coruñés, ocupado por obreros municipales y por familias de pescadores, todavía perdura en nosotros. A la consternación se añadían las críticas y lamentaciones por la total falta de medios adecuados de socorro.

«Un helicóptero hubiera sido suficiente para rescatar a los hombres del pesquero», decían unánimes.

Y es que, durante varias horas, todos, o casi todos los marineros, se mantuvieron a flote en el mar, después del hundimiento de la «baca», ocurrido alrededor de las cinco de la madrugada, al encallar el barco contra las peñas denominadas «do Pe», situadas a unos 300 o 400 metros mas afuera, de la cetaria que existe en las inmediaciones de la península de la Torre y en las proximidades de la peña del «Buey».

Cuando en la mañana del mismo domingo llegamos a la zona de Las Lagoas, los vecinos se encontraban fuera. Estaban excitados. Recordaban las horas vividas hasta entonces. La impotencia, al ver que


nada pudieron hacer por aquellos hombres cuyos gritos de socorro llegaban claramente hasta ellos, y la desesperación por la imposibilidad de las primeras demandas de auxilio que ellos mismos -los vecinos- hicieron desde el propio barrio, los mantenían en visible estado de nerviosismo.

No mesmo día EL IDEAL GALLEGO presentaba a noticia na portada

ba de aguas del Gran Sol a La Coruña , se hundió el pesquero coruñés "La Isla", al estrellarse contra unos bajos – al parecer en la zona donde se encuentran los del "Buey", el "Becerro" y el "Becerrillo", muy cerca del faro de Hércules, a unos quinientos metros de la costa, no muy lejos de Las Lagoas.

A consecuencia del siniestro, perecieron catorce de los quince tripulantes que componían la tripulación. El único superviviente fue el maquinista Ramón Seoane Martínez, de 34 años, casado, natural de Noya, pero avecinado en nuestra ciudad, Avenida del General, Sanjurjo.

Sin noticias del pesquero coruñés "Testal"



Continúa la incertidumbre en cuanto a la suerte que pudo haber corrido el pesquero coruñés «Testal», del que no se han vuelto a tener noticias desde el pasado día 11, según informamos repetidamente. Al parecer, el último barco que estableció contacto con él fue el «Rosa Cudillero», en la noche del día mencionado. De él «Rosa» le pidieron unas medicinas para un tripulante que se había lesionado a bordo, y del «Testal» contestaron que se las darían al día siguiente por la mañana, pero ya no volvieron a saber nada. Ayer nos informaron de la «Transradio» que algunos barcos de la Casa Freire lo habían visto, pero no se ha podido precisar cuándo ni en qué posición, extremos que esperaban ser aclarados esta madrugada o durante la mañana de hoy. Precisamente hoy llegará el pesquero «Freire Costas», que salió de La Coruña el mismo día que el «Testal», es decir, en la noche del 3 al 4 del corriente mes. El «Freire» sin embargo, estuvo en todo momento en comunicación con la estación pesquera y con otros barcos, lo que no ocurrió, como dejamos dicho, en el «Testal». En el grabado aparece el «Testal» en los primeros días de su llegada al puerto coruñés, hace aproximadamente dos años.

Información de la Voz de Galicia (23 de Xaneiro 1962) sobre a misteriosa desaparición do pesqueiro "Testal" cando navegaba rumbo ó Gran Sol

da seguinte maneira: EN LA MADRUGADA DEL DOMINGO CATORCE MUERTOS Y UN SOLO SUPERVIVIENTE, AL NAUFRAGAR UN PESQUERO A 500 METROS DE LA TORRE, e relataba o sucedido:

Alrededor de las cinco de la mañana del domingo, cuando regresa-

Del resto de los tripulantes, hasta el momento solamente fueron rescatados dos cadáveres, y nada se sabe de los demás hombres del pesquero creyéndose que los cuerpos de varios de ellos se encuentran atrapados en el interior de la baca a unos veinte metros de profundidad.

La noticia corrió el domingo como reguero de pólvora. Al principio las noticias eran contradictorias. Se hablaba de

una embarcación que había salido de La Coruña con cuatro aficionados a pescar. Pero en realidad nada se sabía en concreto. Lo que sí se podía afirmar, es que había ocurrido un naufragio, porque algunos vecinos de Las Lagoas habían oído voces de socorro y auxilio no muy lejanas pero sin poder precisar de dónde partían. A medida que amanecía, se pudo averiguar que partían de la ensenada del Orzán. Algunos vecinos distinguieron desde los acantilados de la costa a donde habían acudido varias cabezas humanas flotando en el agua. Más tarde fueron dos cuerpos los que se debatían entre el agitado mar. Eran dos marineros que pedían ayuda con lastimeras voces al decir de quienes las escucharon. Uno de ellos pereció más tarde ahogado, pues fue el cadáver que alrededor de las once de la mañana fue descubierto a no mucha distancia de donde lo habían visto con vida. El superviviente fue más tarde, al igual que los cadáveres, localizados por la avioneta que había despegado del aeropuerto de Alvedro y que durante tres horas estuvo sobrevolando la zona de donde procedían los gritos de socorro que habían escuchado los vecinos de las Lagoas.

Máis adiante, EL IDEAL GALLEGOS ofrece unha entrevista co único superviviente, o noiés **Ramón Seoane**, maquinista do Isla. Nela conta o sucedido na tráxica noite.

En el Sanatorio de Socorro donde ingresó le apreciaron rasguños y enfriamiento por inmersión. Hubo precisión de aplicarle oxígeno e inyectarle suero, por la tarde ya se hallaba bastante recuperado. Cuando nos pusimos al hablar con él, se encontraba rodeado de su esposa, sus dos hijos y otros familiares y amigos.

-*¿Cómo ocurrió el accidente?* -Le preguntamos.

-*Me hallaba en la sala de máquinas cuando de repente sentí como el barco chocaba con algo. El golpetazo fue tremendo. La máquina se paró y quedamos sin luz, a la vez que el barco se escoraba. Subí inmediatamente al puente, donde se hallaban los dos patrones, el de costa y el de pesca, pero ni siquiera pude hablar con ellos porque enseguida me encontré flotando en el agua asido a un enjaretado – tablón utilizado para no resbalar y colocar cuerdas y aparejos– . Todo sucedió en menos de cinco minutos.*

-*¿Qué vio alrededor?*

-*El barco había desaparecido y junto a mí se hallaban también en otros dos tablones el contramaestre, Juan Sobrido, que había embarcado en julio último, y Manolito, el tripulante más joven, que acababa de cumplir 18 años.*

-*¿Qué les ocurrió?*

Transcurrido cierto tiempo y al ver que se alejaba de mí el contramaestre a causa del fuerte mar de fondo que

había, le llamé dos veces, pero a la segunda, el silencio más absoluto me hizo ver que había perecido ahogado por no resistir por más tiempo a flote. También Manolito desapareció de mi vista por los fuertes golpes de mar. Yo obtuve mejor suerte y el mar me arrastró a otro paraje menos batido por el mar, hacia la ensenada de Pereiro, donde permanecí hasta que fui salvado.

¿Cuánto tiempo estuvo en el agua? Seis horas, durante las cuales pasé mucho frío, se pusieron a prueba mis nervios y tuve que hacer imposibles para permanecer a flote. En aquellos momentos, sólo pensaba en mi esposa, en mis hijos, en mi madre, en que sería de ellos si yo desaparecía para siempre. A veces me venía a la imaginación el momento del hundimiento, y como a pocos metros de mí, debajo de las aguas se hallaba mi barco con muchos compañeros, quizás atrapados dentro, o flotando a pocos metros de mí. Me horrozza pensar en los momentos de soledad, frío, angustia, que he pasado.

As informacions sobre o naufraxio acapararán máis páxinas nos días seguintes: HA SIDO LOCALIZADO EL LUGAR DONDE SE HUNDIO EL PESQUERO LA ISLA (La Voz de Galicia, 7 de outubro); EL PESQUERO ISLA LOCALIZADO FRENTE A LA TORRE DE HERCULES, EN EL BAJO DE "O BOI" (El Ideal Gallego, 7 de outubro); A CAUSA DEL MAL ESTADO NO PUDO SER RECONOCIDO AYER EL BUQUE HUNDIDO. UNAS 30 MIL PERSONAS ACUDIERON AYER A LA TORRE (La Voz de Galicia, 8 de Outubro); APLAZADO EL RESCATE DE LOS CATORCE MARINEROS DEL PESQUERO LA ISLA (El Ideal Gallego, 8 de Outubro).

Outro dos naufraxios salientables da

época foi o do abordaxe do trasatlántico “Colombie” contra o mercante español **Conde de Barbate** (11 de Outubro 1955) onde morreron os Noieses; **Agustín Hermo**, de 42 anos, **Armando Hermo Rei**, de 30 anos e **Manuel Blanco Martínez**, de 54 anos, mariñeiro.

Os luctuosos acontecementos sirven para lembrar outros naufraxios onde mariñeiros noieses convertíronse en tristes protagonistas. No ano 1962 desaparece o pesqueiro coruñés **Testal** cando saíra para o

Gran Sol. Entre os 12 tripulantes desaparecidos había dous de Noia: **Manuel Gómez** (fogoneiro) e **Xosé Liboreiro** (mariñeiro).

Catro anos máis tarde, (21 Febreiro 1966) o afundimento do “bou” **Océano atlántico** na illa de **Sálvora** provocou a morte de **Manuel Piñeiro Crespo**, de 44 anos, de Boa; **Xerardo Quintáns Bazarla** (de 16 anos) e **Xosé Soto Silva**, de Mondariz con domicilio en Noia.

Estas son algunas das trágicas noticias dun amplio capítulo que se está a realizar sobre o protagonismo dos mariñeiros noieses no difícil mundo da pesca durante a longa época posterior a guerra civil española.



Gravado de **D. Jesusa**. Escola de Gravado “Alfonso Costa”



Cancions de Noia

Prudencio Romo

Noya país de alegría

 José Paz Ortíz (Pepe Paz) foi, seguramente, o músico noíés que más enriqueceu ese cancionero propio de cancións noiesas.

Nas próximas edicións desta revista iremos publicando cancións tan populares deste autor como: *Los dardos del sol, Los sones de la música, etc.*

Canciós que encheron toda unha época e que eran, a súa vez, a identificación dunha vila que ten a fortuna de producir boas voces. Voces con excelentes cualidades para o Canto, con maiúscula, aínda que hai que recoñecer que non se traballou o suficiente para seren debidamente aproveitadas.

José Paz Ortíz era fillo de Felipe Paz Carvajal, Director da primeira Banda de Música Municipal de Noia e hoxe titular do noso Conservatorio de Música.

Pepe Paz foi un autor que cultivou a composición en facetas como Banda, Coral, Orquestina. Pero sobre todo Música Relixiosa, onde podemos atopar composicións de estimable valía.

Como seguiremos editando
nesta revista as súas cancións,
tamén faremos unha biografía
deste noiés que durante moitos
anos coa súa música alegrou as
nosas festas e os nosos fogares.

O autor desta letra de *Noja país*

Noya pais de alegría

Jose Paz Ortiz
Francisco Grasa

The musical score is handwritten on six staves. The first staff starts with a treble clef, a key signature of one sharp (G major), and a 3/4 time signature. It features lyrics in Spanish with some musical markings like '1a VEZ Solm' and '2a VEZ Re7'. The second staff continues the lyrics and includes '2a VEZ SOL'. The third staff begins with 'sim pa ti a', followed by 'tra du ci da en un can tar'. The fourth staff starts with 'te de no ya', followed by 'no hay o tro pue blo me jor'. The fifth staff begins with 'la ar.', followed by 'Noya pais de ale gría'. The sixth staff starts with 'a or', followed by 'Noya tie ma de ilu sion'. The score then continues with 'Mi7 Lam Re7 Solm' and 'Noya pa is de ale gría'. The final section includes 'Bb', 'Lam', 'Mi7', 'Sol', 'Noya te lle vo me ti da', 'FIN', and 'Al S y Fin'. The lyrics describe the beauty of Noya, its people, and its inhabitants.

de alegría, foi un viaxante de comercio, daquela lexión de vendedores elegantes que visitaban a nosa vila, ofrecendo aos nosos comerciantes os seus produtos, a súa amistade e a súa simpatía.

Paco Grasa tamén nos ofreceu o seu cariño e o seu amor.



Xoán X. Mariño


A participación noiesa na conquista de Sevilla

A fundación de Noia, polo rei de Galicia e León Fernando II, tivo lugar o 9 de abril de 1168¹. Noia xa existía antes, obviamente; aparece mencionada en documentos de época romana co nome de Noega, citada no s. VI por S. Isidoro nas súas *Etimoloxías*, servindo de refuxo a unha escadra que se dirixía a Terra Santa no 1147 e en moitas outras ocasións, pero ubicada en diferente lugar (A Barquiña ou Barro, áinda por determinar). A creación do novo burgo tiña por finalidade a construción dun máis grande e mellor porto, dotalo de ordenanzas e prerrogativas para facilita-lo comercio e, sobre todo, amurallalo para a súa más eficaz defensa das acometidas dos saracenos, que xa no 1115 arrasaran a primitiva urbe². O obxectivo primordial era, polo tanto, erixir un porto seguro para Compostela, de cuio arcebispou pasou a depender. As cunchas de vieira que na Idade Media aludían ó culto apostólico, comenzan a aparecer polas paredes dos más importantes edificios públicos e privados: no arco da porta do “hospital dafora”, xunto ó máis antigo escudo de Noia (hoxe na entrada ó salón de plenos do concello), no tímpano da porta do “hospital de adentro” (actual-

mente sé do clube de xubilados) e nun sinnúmero de laudas do cemiterio e escudos señorais que brasonan tódalas casas nobres de Noia.

Polas alfândegas noiesas pasarían no sucesivo milleiros

salazóns, coiros, madeiras... con destino a Portugal, Francia, Inglaterra, Alemania, Italia, e tódolos portos do Atlántico ou o Mediterráneo onde houbera algo que comerciar ou negociar; así, cando o arcebispo compostelán D. Gaspar de Ábalos fai o seu testamento, no ano 1544, di deber 4.500 reás a Pedro Carneiro, banqueiro e veciño de Noia, que llos prestara en Xénova³. E tan grandes eran as cantidades ingresadas na Facenda Real polos dereitos de aduana, que o monarca Enrique II doou 10.000 maravedís tódolos anos ó cabido de Santiago sobre os dezmos dos portos de Noia e Padrón e aumentou en 3.700 unha manda de Afonso XI para ter sempre velas acesas diante do altar do Apóstolo⁴. Tal trafegar de mercadorías e capitais propiciou o desenvolvemento do comercio e a industria na propia vila. Comerciantes e artesáns organizáronse para defende-los seus intereses en gremios (teceláns, xastres, ourives, curtidores,...) entre os cales o máis influínte era o dos “mareantes”, que non só participaban nas eleccións de “Cobrados”, para alcades ordinarios, senón que tamén designaban o procurador xeral que propoñía as medidas que debían adoptar aqueles para o



Lauda do Peregrino
Sta. María a Nova


e milleiros de toneladas de mercadorías de todas clases (teas, utensilios de ferro ou bronce, cereais, cera,...) en dirección a Santiago, pero tamén produtos de exportación como o viño,

ben público⁵. Pero non eran menos importantes os carpinteiros de ribeira, adicados á construccion de buques que permitían este fluir de bens en todas direccións coñecidas. Tanto é así que a más famosa das lapiñas sepulcrais noiesas, a chamada "lauda do peregrino", trátase, segundo Xepe Torres da representación dun importante membro da cofradía do Espírito Santo, que agrupaba o poderosísimo gremio dos constructores navais, a xulgar polos atributos que o acompañan⁶.

Dos asteleiros noieses saían baixeleas e naos de gran calidade, segundo os Foros municipais outorgados polo arcebispo D. Xoán Airas a mediados do s. XIII⁷. De tan merecida sona que foron requeridos polo monarca de Castela -e desde 1230 tamén de Galicia e León- Fernando III para a magna empresa da conquista de Sevilla ós musulmáns.

O episodio da participación de mariñeiros noieses na más transcendental campaña de conquista emprendida por rei cristián medieval algún foi cuestionado por Pedro Fiaño que no seu estudio sobre o escudo de Noia⁸, chega incluso a afirmar que nunca se produciu. Tal participación, efectivamente, ata agora non se demostrou e este investigador, xa tristemente falecido, inclínase por pensar que foron naves de Santander as que correrón co protagonismo de vence-la resistencia islámica. Claro que os santanderinos reclaman ese dereito sen

ningún fundamento⁹ ou, para ser exactos, cos mesmos argumentos que as autoridades noiesas usaron no ano 1798, cando acordaron a forma na



Navío medieval.
Relevo nun sartego de Sta. María a Nova.

que debía usarse o estandarte municipal, nun documento no que describen as armas do escudo, dicindo que ademais



Escudo de Noia no pendón municipal. Ano 1798.

da arca e o patriarca bíblico flotando sobre as augas

"adórnase dito Escudo cunha cadea ó redor, que-

brantada, e na parte inferior unha media lúa abatida, para demostración da gloriosa fazaña con que se distinguiron os naturais desta vila polo mar, rompendo os primeiros a cadea dos mouros que tiñan no río Guadalquivir, cando foi a Reconquista de Sevilla en tempo do Santo Rei D. Fernando e polo que lles concedeu este o gran privilexio de que non padecesen pena afrentosa, como consta no arquivo de Pontevedra e outros documentos".¹⁰

Pero cómpre comenzar polo principio: os almohades fixeron de Sevilla a capital do seu califato transformándoa nunha das más importantes da época, logo do declive de Constantinopla, Damasco e Córdoba, á vez que Londres e París non chegaran áinda ó seu esplendor medieval, mentras a cidade andalusí convertíase no centro do mercado islámico occidental e en símbolo da prosperidade do novo Califato, ata o punto de atrae-lo comercio cristián e albergar colonias de cataláns e xenoveses que xestinaban o tráfico entre Europa e África e a onde fluía o ouro do Magreb en grandes cantidades, nun período no que en Europa había escasez de metais preciosos para elaborar moeda. O historiador que mellor estudio o tema, Julio González,¹¹ sostén que "a conquista desta cidade foi unha das maiores do mundo, xamais vista... A gloria da conquista difundiuse pola Cristianidade, producindo as ondas ó resoar en Europa, ecos de ad-



miración, como de dolor nas terras musulmanas".


Efectivamente, a conquista de Sevilla costou moito diñeiro, sangue e sacrificios, parecendo empresa imposible polas súas dificultades: a capital almohade dispoñía de sólidas murallas¹² ben defendidas por un exército numeroso e perfectamente pertrechado ó que non lle faltaba valor nin capacidade para enfrentarse e facer bater en retirada ás tropas de Fernando III, que, por outra parte eran hostes feudais de nobres só temporalmente ó seu servicio. Ó monarca non lle quedou máis remedio que intentar render á cidade pola fame, pero para que o asedio dera resultado era impres-

cindible cortar o avituallamento da urbe, que se realizaba sen ningún problema a través da ponte de Triana,¹³ para o cal fixose necesario a cooperación dunha flota de guerra que non só rompese o nexo de unión da cidade coa campiña ó outro lado do río, senón tamén impedir calqueira posible chegada de reforzos polo Guadalquivir, como así o deberon facer frente a unha expedición de axuda chegada desde Marrocos.

A formación da escuadra naval foi encomendada a un rico-home de orixe burgalesa, Ramón Bonifaz, que reuniu naves e galeras cua procedencia é completamente descoñecida, salvo que proviñan de

pequenos concellos mariños do Norte, desenvolvidos polos antepasados do rei¹⁴, de onde sairon cara a primeiros de agosto de 1247. A única fonte directa da toma da cidade é a *Crónica Xeral*, escrita polo rei Afonso X, fillo de Fernando III. Di así:

"Et esse Remont Bonifaz, guisado¹⁵ muy bien, entró en la una nave con buena compaña et muy guisada de muchas armas; en la otra nave entraron aquellos que se don Remont Bonifaz escogió (...) Desy¹⁶ movieron sus naves, enderezadas sus velas, et comenzaron a yr muy rezias. Et yvan quantos y avía a muy grant peligro de algaradas et de engeños que por



Miniatura das "Cantigas de Sta. María". Alfonso X

*todo lograr dese arraval
tenien posadas los moros,
que non quedavan de les
tirar a muy grant priesa
quanto podían; et de la Torre
del Oro eso mismo, con tra-
buquetes que y tenían que
los quexaban ademas, et
con ballestas de torno et de
otras muchas maneras de
que estavan bien basteçidos,
et con fondas et con
dardos enpeñolados¹⁷ et con
quantas cosas les combater
podían, que non davan
punto de vagar; et los de
Triana eso mismo fezían de
su parte en quanto podían;
mas quizo Dios que los non
fezieren daño de que se
mucho sentiesen.*

*La nave que primero llegó,
que yva de parte del Arenal,
non pudo quebrantar la
puente por o acerto, pero
que la asedó ya quanto; mas
la otra en que Remont
Bonifaz iva, desque llegó,
fue dar de frente un tal golpe
que se pasó clara de la otra
parte.*

*El rey don Fernando et el
infante don Alfonso et los
ricos omnes quando esto
vieron, con todo el poder de
la hueste comenzaron a
recodir en derredor de la villa
por enbarrar los moros et los
fazer derramar, por aver las
naves vagar de se salir en
salvo; et asy lo fexieron¹⁸.*

O episodio tivo lugar o 3 de maio do 1248 pero estivo precedido durante varios meses de encarnizadas batallas coa flota almohade que defendía a ponte, pero para que a cidade se rendese por fame xustamente medio ano despois, foi preciso áinda patrullar permanentemente o río para evita-lo suministro por barcas a Sevilla e facer frente ós numerosos e desesperados intentos dos

seus defensores por rompe-lo cerco. Como arriba se pode apreciar, na crónica narranxe os combates, pero non se di nin unha soa palabra sobre a orixe dos barcos. A tradición conservada quere que foran 27 naves de Pontevedra e 13 de Noia e comandada a nave que primeiro embestiu contra a ponte de barcas polo que más tarde sería almirante de Castela e León, Paio Gómez Chariño, cujo papel relevante na decisiva operación se recolle no epitafio do seu sar-tego, onde di:

Aquí : iaze : el mui noble :
cavallero : Payo Gomez :
Charino : el primeiro : senor
de Rianjo : que gano : a
Sevilla siendo : de moros : y
los : privileios : desta villa :
ano de ¿1308?

Pedro Fiaño non acre-dita nesta inscripción porque di que o tipo de letra é moi posterior á época do enterramento e ata chega dicir que é unha falsificación¹⁹ e que Chariño non tivo nunca relación co mar²⁰, cando xa Florentino Pérez demostrou que ostentou o título de Almirante de Castela, desde o seu nomeamento polo rei Afonso X en 1278 ata a súa morte no 1295²¹ e áinda Pedro Fiaño asegura que tampouco estivo na toma de Sevilla, porque non aparece mencionado nos "Repartimentos" da cidade outorgados polo rei; pero débese ter en conta que a lista dos cabaleiros que recibiron algún beneficio é exigua (apenas douscentos dos varios milleiros premiados con propiedades no territorio conquistado) xa que o rexistro ficou inconcluso pola morte do monarca e debeu ser rematado polo Rei Sabio moitos anos despois e, a maior abunda-

mento, na relación inicial, única que se conserva, e publicada polo investigador Julio González²² nin siquera aparece Ramón Bonifaz, simplemente porque se realizaron entre a xente que ía repoboa-lo territorio. Segue dicindo aquel escritor que son demasiados os anos transcurridos (máis de 500) entre o episodio histórico e a adopción das cadeas e a media lúa no escudo municipal, así como que o fundamento utilizado, uns documentos do Arquivo de Pontevedra que se citan, non existen.²³ Que pasasen tantos anos entre un feito e outro pódese deber simplemente a que as autoridades noiesas non se lles ocurreu introducir ningunha modificación no escudo ata que tiveron necesidade de facer un novo pendón, que é o que se decide naquela acta de 1798, que foi xustamente o que aconteceu con algúns dos concellos asturianos e cántabros que teñen o mesmo elemento no seu escudo, pois o resto son áinda moi posteriores²⁴; por outra parte, que Fiaño non atopase os documentos aludidos non quere dicir que non existisen, todo o máis pode significar que non se conserven, como sucede con tantos milleiros de legaxos antigos; polo de pronto, no mesmo privilexio do ano 1484 que el mesmo cita²⁵ os Reis Católicos aluden a algunas libertades e privilexios que teñen os mariñeiros de Noia e antes de épocas constitucionais nas que é unha fortuna vivir, as libertades que gozaban os pobos ou as cidades eran sempre concesión dun monarca por algún acto meritorio, de xeito que non é moi aventurado deducir unha relación entre

tales privilexios e o servicio esencial prestado douscentos anos atrás á realeza castelá-leonesa na súa expansión polo val do Guadalquivir.

De todas formas, o historiador Julio González engadiu ós dous municipios galegos o

nome de varios portos cantábricos²⁶ e, más modernamente, Godinho²⁷ e Chaunu²⁸ publicaron a relación definitiva dos concellos participantes cos seus grandes baixes que é como segue: Santander, Laredo, Fuenterrabía, Santoña,

Castro Urdiales, S. Vicente de la Barquera, Avilés, Baiona, Noia, A Coruña e Pontevedra.

NOTAS

¹ PEDRO FIAÑO GONZÁLEZ. *Documentos para a Historia de Galicia*. Ed. Toxosoutos. Noia, 1999. Páx.19.

² ÁLVARO DE LAS CASAS. *O cemiterio de Sta. María a Nova*. Ed. Semementeira. Noia, 1991. Páx. 8.

³ ÁLVARO DE LAS CASAS. Op. cit. Páx. 60. Aquí o autor pón a data de 1344, pero Manuel Fabeiro (*Páxinas históricas de Noia*, pág. 82) aclara que se trata dun erro de imprenta, pois o citado arcebispo administrrou a sé compostelana no s. XVI e por esos mesmos anos aparece un Pedro Carneiro na documentación parroquial como *mareante* e que Fabeiro interpreta como mercader

⁴ Ibidem. Páx. 15.

⁵ MANUEL FABEIRO GÓMEZ. *Páxinas históricas de Noia*. Ed. Semementeira. Noia, 1990. Páx. 122. Asegura este investigador que ser *mareante* significaba pertencer a "unha categoría social da mellor clase." Engade que nos libros parroquiais atopou partidas de nacemento de fillos de *mareantes* apadrinados por señores da nobreza.

⁶ XOSÉ M^a TORRES REINO. *A necrópole de Santa María de Noia. O estado da cuestión*. En ÁLVARO DE LAS CASAS. Op. Cit.

⁷ XERARDO AGRAFOXO PÉREZ. *Noia:unha vila histórica.Dende a orixe ata a Edade Moderna*. Ed. Colexio Públco de Lousame. Santiago, 1987. Páx. 70.

⁸ PEDRO FIAÑO GONZÁLEZ. Op. Cit. Páx. 37 e ss.

⁹ JULIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ na súa obra *Origen de la Marina Real de Castilla* (Revista de Archivos y Bibliotecas y Museos, LIV. Madrid, 1948) sostén que os argumentos que se presentaron en pro de Santander, -como tamén os expostos a favor de Avilés e Laredo,que igualmente reclaman o seu protagonismo- non son concluñentes.

¹⁰ Libro de actas do Concello de Noia. Acta do 24 de decembro de 1798. En castelán no orixinal.

¹¹ JULIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ. *Repartimientos de Sevilla*. CSIC. Madrid, 1951. Páx. 220.

¹² Os almohades aportaron importantes avances nas técnicas de fortificación, nas que foron mestres consumados.

¹³ Esta era un pasarela de madeira sobre barcos amarrados uns a outros e reforzados por unha grosa cadea de ferro.

¹⁴ E neste punto débese recorda-la fundación de Noia polo seu avó, o rei Fernando II, coa intención de crear non só un porto senón tamén de bota-las bases para poder disporner dunha armada da que se carecía para poder facer frente ás incursións musulmanas ou as non moi lonxanas de normandos.

¹⁵ Significa 'preparado', pero aquí quere dicir 'pertrechado'.

¹⁶ Contracción da preposición 'desde' e o adverbio 'y' que no castelán antigo equivale a 'alí'.

¹⁷ Debe querer dicir empozoñados, envenenados.

¹⁸ *Primera Crónica General*. Ed. Menéndez Pidal, en "Nueva Biblioteca de Autores Españoles". Capítulos 1071 a 1134.

¹⁹ PEDRO FIAÑO GONZÁLEZ. Op. Cit. Páx. 29. Sen embargo dá por bo o epitafio de Ramón Bonifaz, que pón unha cousa semellante e está demostrado que é do s. XV (Julio González. *Origen de la Marina Real de Castilla*. Madrid, 1948)

²⁰ PEDRO FIAÑO GONZÁLEZ. Ibidem.

²¹ FLORENTINO PÉREZ EMBID. *El Almirantazgo de Castilla hasta las capitulaciones de Santa Fe*. Anuario de Estudios Hispanoamericanos, I. Sevilla, 1944. Páx. 92 e ss. Sen embargo, contra o que pensa Fiaño, a quien non se nomeou nunca Almirante de Castela foi precisamente a Ramón Bonifaz , como xa tén exposto este mesmo autor noutras ocasións (*La marina real castellana en el siglo XIII* . Anuario de Estudios Medievales, vol. 6. Sevilla, 1969. Páx. 151)

²² JULIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ. *Repartimientos de Sevilla*. C.S.I.C. Madrid, 1951.

²³ PEDRO FIAÑO GONZÁLEZ. Op. Cit. Páx. 40 a 42.

²⁴ MANUEL FERRERO BLANCO DE QUIRÓS. *Heráldica asturiana*. Ed. Instituto de Estudios Asturianos. Oviedo, 1964.

²⁵ PEDRO FIAÑO GONZÁLEZ. Op. Cit. Páx. 41.

²⁶ JULIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ. *Campañas de Fernando III en Andalucía*. Revista Hispania nº 25. Madrid, 1946.

²⁷ VICTORINO MAGALHAES GODINHO. *A economía dos descubrimientos Henriqueños*. Ed. Librería Sá da Costa. Lisboa, 1962. Páx.

²⁸ PIERRE CHAUNU. *La expansión europea (ss. XIII-XV)*. Editorial Labor. Barcelona, 1982. Ningún dos dous especifica as fontes usadas, pero tendo estudiados como teñen os arquivos dos reis castelán-leoneses desta época, pódese supoñer que proceden das coleccións diplomáticas ali existentes, que noutras ocasións, nas mesmas obras, citan.

O cruceiro gótico en Noia: Un antecedente culto da arquitectura popular

Xepe Torres e
Rosa Martínez

Orixes e espallamento



topámonos con diversas teorías sobre as orixes dos cruceiros góticos: Castelao, López Ferreiro, Manuel Ribeiro...

Castelao, no seu libro "As cruces de pedra na Galiza" dinos que posiblemente non sexan anteriores ó século XIV e que o máis antigo do que ten noticia está en Guimarães: "o Padrão da Vitoria" instalado en 1342 por orde de Pero Esteves quen o trae de Normandía. Normandía sería pois a orixe, para Castelao, tanto dos cruceiros galegos como dos bretóns.

Outros estudiosos dos cruceiros (Manuel Ribeiro, escritor portugués citado por Castelao) opinan que a súa orixe estaría no culto á cruz fomentado polos seguidores de San Francisco de Asís, como medio de humanizar a figura de Cristo.

Para López Ferreiro –cando menos o cruceiro chamado do Home Santo de Santiago– ergueríase por suxerencia de San Vicente Ferrer. Castelao logo de explicar o interese que despertou nel este dato que podería explicar a existencia de cruceiros en Galicia, Bretaña e Valencia pois en todos

eses territorios estivera predi- cando o santo, desbota esta teoría ó considerar que o cruceiro de Guimarães está data- do irrefutablemente con ante- rioridade á súa vida e prédicas pois San Vicente Ferrer nace en 1350 e morre en 1419 mentres que o Padrão da Vitoria fora instalado en 1342.



O cruceiro de Añón recibe este nome porque o seu anterior emprazamento era a carón da casa que este escritor tiña na parroquia de Argalo

E importante facer notar que os cruceiros –e máis aínda os cruceiros góticos– non son exclusivos de Galicia. Hainos en lugares tan distantes entre si como Valencia, Durango, Guimarães, Pontevedra ou Noia.

Elementos e características

Castelao diferencia entre cruces góticas e cruceiros góti- cos: mentres que nos cruceiros

aparecen figuras: Cristo crucifi- cado no anverso ou Virxe no reverso da cruz; as cruces góti- cas non presentan ningún tipo de figuración. Pero todos os cruceiros presentan os mesmos elementos: as gradas ou esca- leiras, a basa ou pedestal, o varal ou fuste, o capitel e a cruz.

As gradas ou escaleiras rodean ó cruceiro, normalmen- te teñen planta cuadrangular anque tamén poden ser circu- lares ou poligonais e soen ter entre 3 e 5 escanos. No caso dos cruceiros góticos sitos actualmente en Noia as gradas son de planta cuadrangular (cruceiro de Añón, cruceiro do Tapal, cruceiro do cementerio de Santa María) mentres que o cruceiro do Baldaquino está asentado directamente sobre o chan do mesmo. O cruceiro de Añón ten catro escaleiras –non semellan as orixinais pois están feitas en pedra peque- na– e os do Tapal e Santa María teñen só dúas gradas ou escaleiras.

Outro elemento é a basa ou pedestal, bloque de pedra onde se suxeita o varal ou fuste. No caso dos cruceiros noieses teñen pedestal de planta cadrada –agás o de Añón que non ten basa– anque con lixeiras variacións: o do

Tapal está biselado na aba superior, o do cemiterio de Santa María está enfeitado con molduras e o do Baldaquino está biselado tanto na aba superior como nas verticais.

O varal ou fuste do cruceiro é o esteo que soporta a cruz; soe ser lanzal e hai quen o considera unha derivación dos vellos menhires ou pedras fitas. Moitos dos actuais varais dos cruceiros góticos son más modernos que a cruz que sustentan pois o varal é un dos elementos máis fráxiles.

Os varais dos cruceiros noieses teñen unha altura en torno ós 2 metros (215 cm o de Añón, 212 o do Tapal, 198 o do cemiterio e 226 o do Baldaquino); o seu ancho osci-



Cruceiro de Añón. A Virxe aparece sempre no reverso da cruz. Nos cruceiros góticos abunda a representación da virxe co neno.

la entre os 22 cm do cruceiro do Baldaquino e os 27 do cruceiro de Añón; presentan planta cuadrangular que cambia a octogonal por medio dun biselado nas interseccións das caras; o cruceiro de Añón presenta planta octogonal ata 30 cm do seu remate cando volve a tornar cadrada; o cruceiro do Tapal presenta planta cadrada ata os 4 cm e logo tornase octogonal por acción do bisela-

do; o cruceiro do cemiterio de Santa María ten planta cadrada ata os 12 cm no que arrinca un biselado que a convierte en octogonal volvendo de novo á planta cadrada ó rematar o biselado a 3 cm do remate; o cruceiro do Baldaquino ten planta cadrada con biselado a partir dos 18 cm de altura. Todos eles presentan algún pequeño motivo decorativo (enfeite de pequenas bolas no comezo do remate e anagrama de Cristo inciso no cruceiro de Añón, decoración vexetal no arrinque do bisel no do Tapal, cruces incisas nos laterais no do cemiterio de Santa María ou pináculo invertido no do Baldaquino).

O capitel soe ter planta trapezoidal e catro caras, é o elemento no que aparece fincada a cruz e soe estar decorado con imaxes variadas (os símbolos dos evanxelistas, por exemplo).

No caso dos cruceiros góticos noieses son todos eles de planta cadrada (no de Añón non o hai anque a parte superior do varal –tamén de planta cadrada– fai a súa función a modo de "proto-capitel"), o do cruceiro do Baldaquino é probable que tivese unha decoración lateral a base de volutas anque hoxe apenas se percibe dada a súa mala conservación; o do cruceiro do Tapal presenta distinta decoración en cada unha das súas caras: figuras humanas que –pola súa vestimenta talar e atributos como o rosario– semellan fraides, arcos apuntados, columnas e motivos decorativos que algúns autores como Laredo Verdejo aventura como follas de parra en relación coa árbore da vida mentres outros opinan que

serían cunchas mariñas; o cruceiro do Cemiterio tamén ten pranta cadrada e presenta distinta decoración en cada unha das súas caras: os símbolos dos evanxelistas (touro alado, anxo alado, león alado e águia alada), un símbolo en cada cara e cartelas co nome do evanxelista representado.

As cruces son o elemento no que se concentra a decoración pois son o punto de atención do cruceiro e a súa razón de ser. Pénse que estas cruces poideron estar douradas e pintadas imitando as cruces procesionais. A maioría son de granito ó igual que os cruceiros. Abundan os elementos decorativos típicos do gótico: cruces potenzadas, motivos



Cruceiro de Baldaquino. É probable que a cruz que hoxe remata o cruceiro non sexa a cruz orixinal. Murguía describiuna como "fermosa cruz de bronce renacentista". Álvaro de las Casas afirma que nunca veu nin coñeceu a ningún que vira esa cruz dourada e Castelao dinos que a cruz deste cruceiro fora trasladada a Santiago para a Exposición Regional Retrospectiva de 1909, desaparecendo dende entón.

vexetais ou doseis con arcos apuntados que definen e diferencian estes cruceiros dos tradicionais. A figura máis representada é o Cristo Crucificado que aparece no anverso. Apréciase un interese por amosar o sofrimento de Cristo na cruz achegándoo así ó común da xente –lémbrese que o sofrimento, debido á peste ou á

fame, era un sentimento moi presente na sociedade e na xente daquela época—.

Esta representación da dor, a feitura e a utilización de tres e non catro cravos son indicios que nos axudan a localizar cronolóxica e estilisticamente estas obras no gótico. Algunhas veces só aparece o cristo na cruz, pero noutras tamén aparece unha imaxe no reverso, normalmente unha Virxe –ben en ciclo gozoso ou a Virxe das Angustias tan abundante posteriormente nos cruceiros galegos, anque tamén pode aparecer o Cristo en Maxestade como no cruceiro de Melide.



Cruceiro de Baldaquino. Está situado no cemiterio de Santa María a Nova

Nas cruces dos cruceiros góticos noieses vemos claramente as características dos cruceiros góticos: cruces potenzadas, abundante decoración nos paus da cruz que rematan en flores de catro pétalos curvos cun botón central e existencia de umbelas ou doseis de arcos oxivais baixo os que aparecen representadas as figuras de Cristo e a Virxe.

A altura das cruces dos cruceiros góticos noieses oscila entre os 80 cm do Cruceiro do

Tapal e os 124 do cruceiro do Cemiterio de Santa María (95 cm a do Baldaquino e 96 cm do cruceiro de Añón). Son cruces gregas ou cáseque gregas. As seccións das cruces son variadas: cruciformes as dos cruceiros do Cemiterio e do Tapal, cadrada con bisel a do Baldaquino e circular con nós a do cruceiro de Añón. Todas elas son potenzadas con remates florais más ou menos traballados nos extremos.

No anverso de todos eles aparece baixo fornela gótica de maior ou menor complexidade o Cristo Crucificado. Nos cruceiros do Tapal e do Cemiterio a figura de Cristo aparece flanqueada pola Virxe (á esquerda) e San Xoán (á dereita); son figuras de menor tamaño que o Cristo como corresponde ó seu rango; en ambos a Virxe está coas man sobre o peito en actitude orante e aparece vestida cun manto que vai da cabeza ós pés. O San Xoán do cruceiro do Cemiterio porta un libro na man dereita e está sobre unha peana poligonal ó igual que a Virxe.

Unhas veces aparece moi pegado á cruz (cruceiro do Baldaquino) outras con maior relevo e realismo (cruceiro do Tapal); sobre a cabeza dos cristos do Tapal e do Baldaquino aparece unha cartela apaisada co INRI; nos catro cruceiros, a cabeza do Cristo aparece inclinada cara á esquerda e leva coroa de santo e coroa de espiñas no cruceiro do Baldaquino e só a coroa de espiñas no cruceiro do Cemiterio de Santa María. Respecto ós seus rasgos fisionómicos aparece con pelo longo en todos eles e con barba no cruceiro do Cemiterio. Mentre que no

Cristo do cruceiro do Baldaquino as mans están semiabertas nas dos outros aparecen abertas. Os brazos do Cristo aparecen estirados en horizontal no cruceiro do Cemiterio, estirados no do Baldaquino e flexionados nos de Añón e o Tapal. A saba aparece anudada á esquerda en tres deles mentres que nun (o do Baldaquino) aparece anudada á dereita; en todos eles o pé esquierdo aparece cabalgando sobre o derecho polo que tipoloxicamente son Cristos de tres clavos. En canto á proporción das figuras, as pernas do Cristo do cruceiro de Añón semellan algo desproporcionadas co resto do corpo



Cruceiro do Cemiterio.
Para Laredo Verdejo este cruceiro sería un dos poucos que conserva a totalidade dos elementos orixinais.

–pequenas de máis– e os cristos dos cruceiros de Añón e do Cemiterio semellan más pequenos do que correspondería ó tamaño da cruz.

No reverso de todos eles aparece representada baixo fornela gótica de maior ou menor complexidade a Virxe María; nas advocacións de Virxe de Belén (cruceiros de Añón, Cemiterio de Santa María); Virxe co Neno, en maxestade sedente e co Neno no colo (cruceiro do Tapal) e da

Dolorosa no cruceiro do Baldaquino ou do Milladoiro.

No cruceiro de Añón a Virxe, coroada, aparece en pé co Neno no colo sobre no lado derecho, agarrándoo cos brazos e mirando ambos á fronte. Un manto cubre á Virxe da cabeza ós pés e tápalle os pés ó Neno deixándolle o torso ó descuberto.

No cruceiro do Tapal a Virxe aparece sedente en maxestade co Neno no colo. Na man esquerda da Virxe aparece unha bola e coa dereita suxeita ó Neno no colo.

No cruceiro do Baldaquino a Virxe está situada sobre unha



Cruceiro do Tapal ou de Pontenafonso. Os cruceiros góticos amosan unha grande riqueza decorativa e moi boa factura.

peana semicircular, orlada por unha coroa de santa, con manto que lle cubre da cabeza ós pés, os brazos aparecen cruzados sobre o peito cabalgandolle a man esquerda por riba da dereita en actitude "dolorosa".

No cruceiro do Cemiterio aparece a Virxe co Neno, sedente, en maxestade, coroada, rodeada dunha orla de pequenas bolas e cun manto que a cubre da cabeza ós pés.

O Neno está cabalgando sobre o xeonlllo derecho e mirando á Nai.

As cruces e cruceiros góticos en Noia

Como vimos ó longo deste artigo, actualmente consérvanse en Noia catro cruceiros góticos: Cruceiro de Añón ou da Ponte de Argalo, Cruceiro de O Tapal ou Pontenafonso, Cruceiro do Baldaquino ou do Milladoiro e Cruceiro do Cemiterio de Santa María.

Ningún deles está no seu emprazamento orixinal, hai constancia de que todos eles foron trasladados e –agás o do Baldaquino, do que se desconoce– a súa ubicación anterior era a entrada dunha ponte: o de Añón estaba a carón da casa de Añón na entrada da Ponte de Argalo, o do Tapal na Ponte Nafonso e o do Cemiterio de Santa María na entrada da Ponte de Noia.

Sobre o cruceiro do Baldaquino hai quen opina que esta construción podía pertencer a algunha das igrexas da vila ou dos arredores e ser trasladado ó seu emprazamento actual nalgúnha remodelación anque non hai constancia delo, hai testimonios (Murguía) que afirman que no Baldaquino había unha fermosa cruz de bronce renacentista que fora traída doutra parte, Castelao tamén cita o cruceiro do Baldaquino indicando que a cruz foi trasladada a Santiago para ser amosada na "Exposición Regional Retrospectiva" de 1909 desaparecendo dende entón; Álvaro de las Casas afirma que nunca veu nin coñeceu a ningúen que vira esa cruz dourada e que o que había era un pobre crucei-

ro de pedra. Hai algúns anos localizamos na Buchería da Catedral de Santiago unha cruz gótica semellante ás noiesas anque realizada en pedra caliza que podería ser a do Baldaquino –anque non hai constancia documental delo– caso de que esta hipótese fose certa, a fraxilidade do material –pedra caliza– explicaría a necesidade de realización dunha construción para protexela das inclemencias do clima galego.



O cruceiro do Tapal estaba orixinalmente na estrada da ponte de Pontenafonso e posiblemente unha das súas funcións era a de cruz de término entre os dominios dos mosteiros asentados na zona.

Bibliografía:

- RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel: *As cruces de pedra na Galiza*. En Akal Ed. 1975. Madrid. Obra completa gráfica I.
LAREDO VERDEJO, J.M. (1993): *Os nosos cruceiros*. Vol. I. Boreal-Xuntanza Editorial. A Coruña.
DE LAS CASAS, Álvaro (1936): "El cementerio de Noya". Santiago en *O cemiterio de Santa María a Nova*. Edición facsímil. Colección Seitura. 1990. Noia.

O hórreo senlleiro

Manolo Hermida

 a fai preto de vintesete anos que o amigo Agrelo escrebera un interesante conto publicado en La Voz de Galicia (21-10-73) "O hórreo baldeiro", no que remataba preguntándose: ¿Pra que raios servirá un hórreo baldeiro?

Todos sabemos que a función dun hórreo é a de ser o graneiro no que se almacenan a secar as grans das colleitas, estando case sempre moi próximo ás casas, preto das eiras, así como tamén dentro das hortas.

Aquí na nosa vila e en Lousame houbo abundantes e grandes hórreos que foron admirados polas xentes que pasaban ó seu carón, e polos poucos que tiñan podíase coleixir se eran de casa valida, como así acontecía co existente no lugar de Vilar de Tállara, no Concello de Lousame, que era un dos de máis poucos de toda a bisbarra e que pertencia á familia de don Francisco Romero Blanco. Do noso Concello, todos lembrarán o da Chabola frente á estrada que conduce a Barro, e aquí, aínda que non de moita fartura, existían moitos, coma nos demais lugares da extensa parroquia de Santa Cristina. En todo o noso Concello, hórreos a esgaillo: no Campo das Rodas, Chaínza, Balbargos, Obre de Abaixo, e de Arriba (precisamente no lugar no que se facía

a festa, case frente á casa de Manolo "o do Liceo"), Taramancos, Boa, Argalo, Santa María de Roo, Pontenafonso, e non digamos nun lugar tan pequeno como San Bernardo onde os había ás dúas beiras da estrada a Santiago, así como un a carón da taberna de Chau-Chau, e sen esquecernos do que había no malecón de Gasset: o da casa de Malvido.



O autor do artigo diante do hórreo do antigo Liceo

Agora ben, houbo un, dentro do casco urbano, que a pesares de que nunca vin que servira para gardar colleita ningunha, si fixo unha función que ninguén podería imaginar, o que acontecía co existente no horta da Sociedade Liceo, ubicada na Porta da Vila. Os asaltos-bailes que alí se celebraban a finais dos anos corenta tiñan o que se dá en chamar un encanto xa que, ademais de seren moi amenos, áinda que amenizados con música da chamada "en conserva" e co inconveniente da falta de agujas para mover o disco, este era manipulado desde un lugar ó que compría ascender por medio dunha esqueira de man, e, unha vez dentro do hórreo, estar atento ás peticións das xentes que domingo tras domingo non perdían as tres horas, máis ou menos, que duraban os bailes, nunha horta da que se podería escribir, de vagar, unha grande novela de moitísimas páxinas, sobre todo do hórreo que, a pesares de estar baldeiro, amoreou unha grande cantidade de anécdotas e chismorreos nuns tempos en que o bar estaba atendido por Ignacio Arufe (Nachó). A partir das festas patronais de 1949, e tras a regulamentaria poxa para o seu aluguer, adxudicóuselle a Manuel Rodríguez Martínez (Manolo do Obre) por seren mellores condicións que as de Manuel Martínez e as de Ricardo Soto, comprometéndo-

se ó abono de 550 pesetas mensuais de renda. ¿E quen non lembra a Manolo, que a pesares de non ser de moita estatura, si daba a talla dentro e fóra do mostrador, coa inestimable axuda de Andrés Chouza, coñecido polo amigable alcume de "O Choso"?

Tanto Nacho como Manolo teñen subido infinidade de veces pola escala, cousa que tamén fixen eu e moitos xoves que acodían a solicitar a dedicatoria dun disco para as moitas mozas que alí se daban cita. Ó seu carón xuntábanse os mozos non moi duchos no baile, á espera de escutar un pasodoble ou algo lentiño para achegarse a unha das moitas rapazas que asistían ós asaltos-bailes, nos paseos laterais da horta con non moita luz pero nada pecaminoso, xa que, para certos menesteres, o que podía acodía ó final da Alameda (o chamado Gran Sol) precisamente onde hoxe se ergue esta Casa.

Penso que será de xustiza que lembre os compoñentes da directiva correspondente a este exercicio de 1949 que, baixo a dirección de Venecio Blanco Nieto, contaba como Vicepresidente a Severo Loroño Laciana; secretario, Segundo Caamaño Martínez; contador, Andrés Petisco Aycinena; tesoureiro, Manuel Seijas Louro; bibliotecario, Eduardo González Alconada, e como vocais, José Beiro Díaz e

Fernando Pais. Estre as súas obras más relevantes destacarei as cartas dirixidas a dona Pilar García Reboredo, viúva de Romero Molezún, e a dona Carmen Cadarso Fernández y Cañete, viúva de Cadarso, solicitándolles unha fotografía dos seus illustres familiares para exhibir nos salóns da Sociedade, como primeiros pasos para outras novas peticións, e daí aqueles coñecidos ripios de: "Nunca vi a un presidente que colgase a tanta gente". Tamén se acordou ó longo do ano levar a cabo a construción dun quiosco na pista para as orquestras. Asimesmo acordaron poñerlle unha pechadura ó aparato de radio para que se abrira unicamente nas horas que estean sinaladas. Na derradeira sesión xeral ordinaria acordaron que, a partir do vindeiro ano, se elevase a cuota en dúas pesetas, cos votos afirmativos de 67 socios mentres que os contrarios foron 18.

En fin, os hórreos que hoxe vemos, poucos e tan ben pintadiños que mesmo semellan que foron feitos coa idea de participar nun concurso de coloriños, ou ánda outros que se supón servirán para gardar as cada día más minguadas colleitas, ningún deles poderá compararse co da horta do Liceo ó carón do cal ¡cantas parellas de novos se terán xurado amor eterno..!



Cousas de Noia

Ricardo Mariño Solpe

Futbol noies retropectivo



VISITA DO CENTRO DE DEPORTES SABADELL A NOIA

(28 de Marzo de 1947)

Do libro *Efemérides Noiesas*

Vinteoto de Marzo de 1947

Aproveitando a estancia en Galicia do Clube Sabadell ó xogar o día 23 en A Coruña e o día 30 en Vigo, desprázase a esta Vila invitado pola PEÑA SABADELL NOIESA. Celébrase en día chuvioso, a beneficio do Asilo, asistindo numeroso público, gañando os "laneros" por dous goles a un. Era a Festividáde de Venres das Dores.

Comentario por GOMARI

(Placa de Prata do Excmo. Concello de Noia)

Sabadell é una cidade industrial do cinturón barcelonés, con magníficas instalacións textís, químicas, automovilísticas e outras. É un dos trece partidos xudiciais da Provincia de Barcelona, e o equipo representativo da cidade leva o nome de CENTRO DE DEPORTES SABADELL con camiseta arlequinada (azul e branco), pantalón azul, medias azuis e voltas brancas.

O Campo leva o nome de CREU ALTA e o equipo ascende a Primeira División na

década dos anos cuarenta e é un equipo punteiro da categoría e cando visita a VILA DE NOIA, estaba en lugares de privilexio da tabla.

Nos primeiros anos do seu ascenso a Primeira División lévalle ó Real Clube Celta de Vigo a seu magnífico dianteiro centro (o canario DEL PINO) e isto os aficionados celtistas taradarán moito tempo en olvidalo.

Na Primeira volta da Competición (Setembro de 1946) o Real Clube Celta perde en CREU ALTA por dous goles a cero, a pesar do gran partido de Roig, Mesa e Bermejo; e o equipo celeste espera á Segunda Volta para tomarse a revancha.

Ó confeccionarse o calendario da Primeira División na Tempada 1946-1947 obsérvase que O CENTRO DE DEPORTES SABADELL tóccalle xogar en Galicia, o día 23 de marzo de 1947 en A Coruña contra o REAL CLUBE DEPORTIVO e o Domingo seguinte (30 de Marzo de 1947) no Estadio de Balaídos para enfrentarse ó equipo do Real Clube Celta de Vigo.

Ó enterarse da noticia, constitúese en Noia a PEÑA SABADELL NOIESA, tendo a sede no Bar Chichito o Cebo-

leiro, na Plaza do Tapal, onde anos más tarde estivo o Bar Escorial.

Formaban a citada peña, o mencionado Chichito o Ceboleiro, Don Angel Pérez Morales, Don Maximino Pérez Santmartín (Chimino), Don Manuel Barreiro Gallardo e un destacoado grupo de noieses.

Unha vez sabedor o CENTRO DE DEPORTES SABADELL da constitución da Peña Noiesa, invítaselle a participar nun partido amistoso contra o NOIA F.C., que ostentaba o título de SUB-CAMPEÓN DA SERIE "A" REXIONAL e que ten lugar o día VINTEITO DE MARZO DE 1947 (Venres das Dores), xa que por entón era festivo pola tarde e o comercio, a banca e a industria non traballaban a partir das trece trinta.

O C.D. SABADELL estableceu seu cuartel xeral en Pontevedra e alá foise a Directiva da Peña Noiesa a celebrar o acto de presentación ante o conxunto arlequinado.

O día do partido amaneceu co ceo nublado e a choiva fina caía sobre a comarca de NOIA e a súa Ría. Chovía abundantemente sobre Padrón e o río Sar viña medrado e auguraba que o equipo "lanero" non atravesaría a Ponte do Carme

e que terían que dar a volta por Santiago. O equipo a duras penas atravesou a Vila de Rosalía, dirixeuse a San Alberto e logo ó Concello, sendo recibidos pola Corporación Municipal co seu alcalde ó frente, onde D. Pedro Saez Pichel deulle a más cordial benvida e más tarde ó hotel Cboleiro onde se efectuou a comida.

O equipo do C.D. SABADEV era un equipo punteiro, onde destacaban o bo porteiro Pujol, o defensa Navarro (mais tarde "El Fifo"), os medios alas Santa-Catalina e Cerveró e o magnífico interior esquierdo Pallás.

O conxunto arlequinado aliñou en San Alberto da seguinte maneira: Pujol, Bayo, Navarro, Santa-Catalina, Moñol, Cerveró, Marín, Tonio, Vázquez, Pallás y Guash.

O NOIA C.F. alineou ó seu equipo de gala e deu boa conta

de tan formidable rival, aínda que ó final do encontro a victoria sorriría ó cadro arlequinado por dous goles a un.

O equipo local tiña un conxunto moi apañado, destacando o bo porteiro Pombo (o das palomitas), o defensa Elías Costas, o medio centro Canelas e unha dianteira verdadeiramente magnífica formada por Pachín, César, Xambella, Baltar e Augusto.

Estaba Manolo Baltar en moi boa forma (xogaba no Pontevedra C.F.) e aínda que deixou destellos da súa gran clase, ó estar o campo encharcado, mermou moito o que poidesen lucir as suas magníficas cualidades técnicas.

O rematar o encontro, o entrenador arlequinado manifestaba que o mellor xogador do NOIA F.C. fora o dianteiro centro Xambella, rapaz ambidestro, cunha boa preparación física e un gran senti-

do da xogada. Que o equipo local tiña unha gran afición, tanto animando ó seu equipo como a súa presencia no campo nunha tarde desapacible e cunha gran concurrencia.

O Domingo día 30 de marzo e como consecuencia de encontrarse totalmente inundado polas choivas o terreo de xogo de Balaídos, suspéndese o encontro CELTA-SABADEV, correspondente á vixésimo-coarta xornada de Liga de Primeira División. O equipo vallesano permaneceu en Vigo outras coarenta e oito horas á espera de xogar o partido, pero como as choivas non cesaron, o árbitro Alvares Pérez decideu o aplazamento definitivo do encontro, á espera da decisión que adopte a F.E.F. para fixar a data da súa celebración.

A grandes rasgos, un acontecemento deportivo que marcou un fito no fútbol noiés e no de toda unha extensa comarca.



Este é o Noia F.C. Campeón da Serie "A" Rexional na Tempada 1947-1948. Neste equipo somente hai dous xogadores que se enfrentaron ó C.D. SABADEV e que son Fernando e César. Santiago Pardiñas, na Marina. Pachín, na Mili na Coruña. Xambella, no Lemos. Baltar, no Pontevedra. Augusto, no Berbés e Canelas fóra de Noia.



Alfredo Conde

Colaboracións

Alamedas



ando comezo estas liñas teño medo de que, este de hoxe, se me convirta nun exercicio de señardade, levado que me sinto da man da evocación que a palabra Alameda induce en mí, home que xa vai sabendo da idade o que non hai nada, tan só un lene soplo, breve como o aletexar dun paxariño, unicamente intuía ou acaso a penas sospeitaba.

¿E que é o que sei? Sei que hai nada, os espacios que abeiran árbores frondosas pra que por en medio delas camiñen as xentes que non se sintan apresuradas polo trafego da vida, estaban ateigadas de persoas cheas de sosego e doutras cheas de esperanza. Aquelas camiñaban, deténdose a cada pouco, pra acenar con ampulosidade e calma, remarcando a intención que alentaba as súas palabras cun énfasis que se apoiaba nos silencios, e, estas, agardaban espectantes o solpor pra se sentar, entón, embaixo dos pradairos e pronunciar outras pa-labras que acaso xa se estean perdendo por completo, imposibilitada que queda a súa pronunciación baixo o estrondo dos baffles de calquera discoteca axordadora. ¿Será o meu, pois, un exercicio de nostalxia?

Seráo. Pero xa non quedan alá moitas palabras. Para facelo. Fórone perdendo en medio do ruído e acaso permanezan agachadas neses bancos que as alamedas amosan hoxe cheos feridas de ferro ferruxento, des-

ocupados e grises, verdes e despintados, brancos e silenciosos, verdes e tristes, brancos e cheos doutras feridas que ninguén sospeita, grises e cheos de melancolía, deshabitados e tristes, baixo as frondas dos magnolios, pois a xente marchou prás discotecas ou vai dentro dos seus coches atronándose os ouvidos con entolecidos ritmos que anulan as capacidades, as potencias que as alamedas excitaban.

Hai varias alamedas ocupando a miña caixa das memorias, enchéndoa de aires e palabras, de potencias e de capacidades que van da mirra prás enconllas, ó par que dunhas a outras vai a memoria colectiva, esa que tamén debece, pois se alonxa, levada de ruidos que eran impensables nas cautas e solemnes alamedas.

En Allariz, ribeira do Arnoia, aínda hai un embarcadero que na outra banda da alameda, onde está a finca que foi do meu avó, agardaba por nós que alí tiñamos unha lancha na que navegar por embaixo dos amieiros, dende a presa ata a Acea Rica, ida por volta, pasando por embaixo da ponte de Vilanova, a tan fermosa. E o río, a alameda enteira estaban cheos de palabras de neno, as agora recordadas.

En Ourense, na alameda do Cruceiro, as espiñentas acacias que a ocupaban, souberon dos nosos ascensos, aferrados ás rugosas codias dos seus toros, das nosas loitas a cantazos, con aqueles coios que baixaban polo Miño, mentres ca do Concello só era visitada, alá por maio, cando as coplas se acompañaban de bater de paus e de cancións que non sei se xa alguén canta, pero que dicían e ainda din das nosas palabras de rapaces.

Houbo aínda outra alameda, en Pontevedra, dende a que se contemplaba o mar e se podían axear os solpores más fermosos deste mundo. Os domingos íamos a ela e todo era unha festa. Foi nos seus bancos onde crimos no poder do amor que todo o habería transformar, ata a vida mesma, cando é ela a que se encarga sempre de ir transformando o noso amor, ata situalo nese fulcro cabrón que

sempre agacha a tan desexada vida, este misterio indescifrable e duro, esta ansia que a todos nos envolve: o fulcro da mediocridade cotiá, o ras da normalidade, o reino monocorde da monotonía e da ambigüidade que entón, na alameda da nosa mocidade, era insospeitable, lonxana e en todo caso absurda.

¡Ouh, as alamedas! A de Noia nunca a paséei, camiñándoa de xeito demorado. Atraveséina, eso si, algunas veces, levado sempre de presas e ruidos, preguntándome se xa existiría, máis ou menos tal e coma hoxe a contemplamos, alá polo 1818, cando Audal Rumbao, un dos meus tetravós, a recorría pensando, acaso, en se trasladar á Allariz pra instalar alí as fábricas de curtidos que, efectivamente, alí acabou por instalar.

Se así foi, hai un pedaciño da miña memoria familiar instalado nela, na alameda de Noia, un anaquiño ínfimo, pero que eu terei que ir buscar algún día, convocado por estes exercicios de señoradade ó que adoito nos convocan

as idades proyectas que xa imos acadando, agora, cando se afronta a vellez sen ningunha alameda á que aferrarse, cando se xa non se está cheo de esperanza, se espera estalo cando menos de sosego, do sosego co que as alamedas dende sempre agasallan ó que as visite e vaia a elas na busca das palabras que se levaron os ruidos.

Alfredo Conde.

Casa da Pedra Aguda, 13 de xullo, 2000



Xardíns da Alameda de Noia

Visións de Noia

Enrique Labarta Pose

Touros en Noia

 Enrique Labarta Pose (Baio-Zas, 1863-Barcelona, 1925) é o autor deste longo poema que incluimos nesta nova sección. Poeta costumista, na sua obra destaca o humor, sobretodo nos contos. Dedicou-se á escrita e ao xornalismo. Fundou e dirixiu as revistas *Galicia Humorística* (1888), *La Pequeña Patria* (1890), *Extracto de Literatura* (1893), *Galicia Moderna* (1897), *Pasatiempos* (1900) e colaborou noutros xornais e revistas co seudónimo *Antón de Rabodegalo*. Da sua obra de creación, destacamos entre outras, *Bálsamo de Fierabrás* (1889), *Millo miúdo* (1896) e *A festa da patrona de Taboirón* (1904), monólogo representado na Coruña en 1904. Despois da sua morte editaronse en Barcelona, *Poesías en gallego y castellano* (1928) e *Cuentos humorísticos* (1929), reeditado en 1960. Várias das suas composicións foron premiadas en certames literarios, entre elas *Unha corrida de touros en Noia*, que o foi nos Xogos Florais de Pontevedra en 1886.

REVISTA DUNHA CORRIDA ¿DE TOUROS? NA VILA DE NOIA
(FEITA POR UNA LABREGO)

LEMA:

Coa miña moca ó lombo,
 capa e cirolas,

n' hai toreiro nin raio,
 que a min me tosa!

I

Serían as tres da tarde,
 pouco más ou menos,
 do vintecastro de Agosto
 dun ano que... non me lembro,

día en que a vila de Noia
 alegre como un pandeiro,
 fai a festa ó seu patrono,

o santo Bartolomeo,
 e polas calles e prazas,

e por tódolos cornechos,
 bulía a xente da vila

o mesmo que un formigueiro.

I en medio daquel enxamio

Solo se oucía este berro:

¡Ós touros! - i en son de trompa

jós touros! - gritaban nenos,

jós touros! - gritaban mozos,

jós touros! - gritaban vellos;

I jós touros! - todos berraban
 sin tomar siquera alento;

e tanto -i ós touros!- se oucía

que dende aquel día penso

que aló dentro das orellas

metidos os touros teño.

E revoltó ante o xentío

e, como todos, correndo,

máis alegre que unhas páscoas

e más foncho que un gaiteiro,

coas miñas polainas novas,

o meu chaleque ben feito,
cuello branco hastra as orellas,
capa longa hastra os tobelos
i en fin, pra ser todo longo,
hastra a nuca o meu sobreiro, entre
todos eu marchaba más teso que un
padre crego...

I algún chusco dos da vila,
miña capa longa vendo,
anque era no mes de Agosto
i o sol queimaba de demo,
decía: - ¡Que frío fai
¿cando nos virá o bo tempo?-
Ou botábame un: -Compadre,
non sabe canto lle aprecio
que me garde algunha cría
si esa capa chega a netos.-
Ou:- Si se desfai da prenda
avise polo correio.

Mais, facendo o mesmo caso que si
estivese chovendo,
pola calle adiante eu iba
marchando "teso que teso".

II

Por fin, andando i andando,
metímomonos nunha praza,
que á presa polos costados
uns homes tapeando estaban.
I alá no fondo de todo,
pegado a carón das casas
erguíase un gran taboadoo...
¡que taboadoo Virxen santa!
¡ai, parescía aquel onde
os axusticiados matan!
I outras táboas inda había
enriba daquelas táboas,
formando un arco de ponte,
e tan vellas e pintadas,
que hastra o demo, con ser demo,
xuro a que non acertaba,
si era aquello unha grileira
ou si aquello era unha casa!

¿Onde estamos? ¿Onde estarnos?
(tembrando como unha cana
polo medo que tomei
ó ver aquel panorama),
dixen a grito pelado;
e toda a xente en voz alta
-¡Na praza de touros, home!...

contestoume moi finchada.
I ó ver que a praza de touros
era unha praza de casas,
lembreime de don Quixote
que o probre tamén tomaba
por xigantes, os muíños,
por exércitos, as crabas,
-¿I aquel taboadoo, que fai?-
preguntei (polo de "marras")
e respondéronme.- E onde
a múseca está sentada.
Eu.- ¿I aquello que tén enriba?-
A xente.- ¡Vostede seique está en babia!
é o palco de presidencia,
onde se senta a xente "alta"...
Eu.- Xa o vexo: ó menos están
a unha altura de tres varas.
A xente.- ¡Non lle é alta pola altura!
Eu.- Bueno, será pola baixa.
A xente.- Chámase alta, a xente "gorda"
Eu.- Xa entendo ben, camaradas!
xente "gorda e de bó ano",
chámase... á que está cebada"
A xente. - ¡Que malas entendedoras
ten este cara de pásoas!
Pra que entenda... a xente gorda,
elle o alcalde i a compaña.
Eu.- ¡Acabaran de parir!
pois as cousas dinse craras.

Nestas e noutras conversas
con toda a xente eu estaba,
cando, sin más e sin más,
como si non fora nada,
dixerón: - ¡Ahí ven o touro!
E dixen eu: ¡Santa Bárbara!

III

I acó teñen xa vostedes
-a praza o touro primeiro,
(que tiña de touro "bravo",
o que tén de "manso" o demo);
i ó mirar que todo o mundo
quería alí ser toureiro,
i hastra se botaba a touro
(por darse tono) un becerro,
i o ver, en fin, que no sitio
todos estaban con medo
(empezando polo touro
i acabando per min mesmo)
dixen: -¡Eiquí soilo falta
que eu me meta a revisteiro!


E saltando un valadiño
 de táboas, metinme dentro
 dun portal, pedín un tallo
 unha pruma e más un prego
 de papel longo de barba;
 saquei do bolso dereito,
 o meu tinteiro de corno
 i os meus anteollos vellos,
 un bó polvo de tabaco
 tomei do meu tabaqueiro,
 e dicindo escontra mí:
 -jequí, meu dito meu feito,
 que por moito que me digan,
 non deixa de ter seu méreto
 unha "corrida en Galicia"
 discrita por "un gallego"! -
 con perdón da Tauromaquia,
 escomencei nestes térmos:
 Noia.- Agosto vintecatro.
 ¡¡¡Gran corrida "Estraordinaria"!!!

E por si algún de vostedes
 Non entende esta palabra,

Quer decir: ¡Fora do orde!
 (i está moi ben apricada).
 "Mallábanse", tres becerros
 das montañas de Barbanza;
 presidían a función
 o alcalde... i a compaña;
 componíase a "cuadrilla"
 de toda a xente da praza
 os que pinchaban primeiro,
 eran "primeiros espadas";
 "picadores"... itodo o mundo
 ós probes "bichos" picaba!
 "banderilleiros"... ¡os coxos!
 "capeador"... i quien tiña capa!
 Os touros... ¡mártires dinos
 Quizais dunha millor causa!
 E con esto por
 sabido escomenza ... a foliada:

TOURO PRIMEIRO

Levantouse o presidente,
 fixo cun pano a sinal,



Gravado de A. Cambeiro. Escola de Gravado "Alfonso Costa"

e... saliu caladamente
o touro por un portal.

I ó velo asín como entraba
na praza polo postigo,
parecía que baixaba
de visitar un amigo.

Por sinal... levaba atado
o pescozo cun cordel,
Mais lle valera, coitado
que se aforcase con el!

Somentes pelexo i óso,
naquel corpo un home vía.
¿Chamábase "O milagroso"... ?
je de milagro vivía!

Tiña o probe pouca talla
e tiña ademais tamén...,
máis gana de comer palla
que de trucar a ninguén!

Xente e touro, con recelo,
miráronse frente a frente...
¡i a xente fuxiu ó velo!
i el, fuxiu ó ver a xente!

De pronto... ¡Xesús!... ergueron
cen mocas, duascentas maus,
e sobre as costas choveron
do touro... más de mil paus!

Demais... todos lle mallaban,
¡Santo Cristo, que mallar!
je do rabo lle turraban
hasta quererlo arrincar!

Outros con puntas de ferro
picábanlle dos balcóns...
- ¡Asesinos!- o becerro
decía pra os seus botóns.

E trato tan mal ó ver,
con ganas de "protestar",
botaba un pouco á correr,
pero... ¡volvía a parar!

I ansí no probe ferido
sigueu cebándose á xente,
hastra que, compadecido,
do becerro o presidente.

Levantóuse con cachaza,
deu co seu pano a sinal,
i o touro saliu da praza
outra vez polo portal.

TOURO SEGUNDO

Tocaron os músecos
a marcha dos grelos...
e mozos e mozas,
e vellas e vellos.

- ¡Que veña outro touro!
- berraron a un tempo.
I entón o alcalde
levantou o dedo,
i entrou coma un raio
na praza correndo,
o touro segundo,
levado do demo.

Era unha "formiga"
de cor moi bermella,
e por ir as xentes
hastra o ríves neso
por nome "O cornudo"
quizás lle puxeron
pois si tiña cornos
tíñaos tan pequenos...
¡que mais ben que cornos
eran un "proieuto"!

Ó verse na praza
fóra do cortello,
de gozo saltaba
o infelice becerro.
I a xente que o vía,
fuxía de medo
e polos portales
íbase escondendo...
- ¡que unha "pitacega"
parecía aquelo!
E todos decían:
- ¡Que touro tan fero!...
sin botala conta
de que inda era un neno,
e ledo brincaba,
según o que entendo,
por espareixerse
non con mal intento.

Mais logo que a xente
pensou esto mesmo,
saltou sobre o touro;
cal cans de palleiro
saltan sobre un oso,
pra demais roelo.
I el, aquel encontro

recibeu sereno
cal un probe mártir
recibe o tormento:
¡sin incomodarse
nin botar un berro!

¡Cantas xudiadas
alí lle fixeron!

Hastra un, por botarse
de "banderilleiro",
prantoulle con forza
no cuarto traseiro,
- con perdón da cara
dos homes más vellos,-
dous bos "subelazos"...
¡ben postos por certo!
Outro más valente,
montou no becerro,
e touro e xinete,
tembrando de medo,
no medio da praza
rolando caeron.

Nesto, o presidente
levantou o dedo,
i o touro mallado,
decía o becerro:
- Nós os de "Barbanza",
pasamos por feros,
e somos más mansos
que os homiños estos:
i "Uns levan a fama
i outros o proveito"!
E dis que ó ir andando,
moi mano e moi quedo
pra que non lle oucisen,
marchou pra o cortello.

TOURO TERCEIRO

Da mûseca a sonar volveu con forza,
"o prapachín" ferós e destrempado...
Erguéndose outra vez o presidente,
a sinal a facer volveu co pano;
i o becerro terceiro entrou na praza
con choroso carís: aire romántico.
-Ese touro que ahí ven, (todos decían)
é aquel mesmo que ven todolos anos-
I entón eu comprendín polo que viña
tan triste, malencónico e pausado!
¡Sabía o probe xa, por esperenza,
o que lle iba a pasar. ¿Ai meu coitado!

Chamábase "O abó" quizais porque era
dos touros todos o infelís "decano":

i era tan vello, que iba pola praza,
maiño, sin folgos e cos pes arrastro.
Ó velo entrar, a xente en remuíño
arremeteulle alí con furor tanto,
que cada vez que a xente arremetía,
caía o "touro pai" no chan deitado.

¿Que delito fixeche, meue "neniño"
pra que che den os homes tan mal pago?
¡Ti, que nunca lles deches unha "cornada",
nin pra fuxir, siquera tiñas ánemo!
¡Ti tan manso, tan vello e tan cumprido
que eras un touro xa "civilizado"!
¡Ti, que xa un bó "retiro" merecías!
que homes conezo eu, que o están "cobrando",
con moitos menos anos de servicios
e sin tanta cabeza nin traballo!

En fin: o presidente enternecidio
Pensou o mesmo que eu estou pensando;
Ergueuse do sillón, medio dormido,
i a postreira sinal fixo co pano;
o touro, a repuxóns foise pra a corte,
a xente despedise hastra outro ano,
deixouse o revisteiro de "revistas" ...
¡i a corrida acabou, dos touros "bravos"!

RESUME

Total da corrida, esta:
cabalos mortos, ningún;
sin contar, pra fin de festa,
que un home rompeuse a testa;
Pois entón,diremos.- ¡Un!
¡A corrida, foi batida!
¡nunca millor o fixeron!
Digan, pola miña vida,
¿n' había de ser corrida
si touros alí correron?

Fin: os toureiros... "mallando"!
sin perdón, en xeneral!
os touros... ¡mil paus levando!
o presidente... "roncando"!!
o revisteiro... ¡moi mal!

Os nosos libros



AVELLMENTAMENTO DEMOGRÁFICO E CONSECUENCIAS SOCIOECONÓMICAS

Xoaquín Fernández Leiceaga (Dir.)



O BERRO

Poemas e Pensamentos de Vida, Amor e Morte



XOAQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA (Dir.), *Avellmentamento demográfico e consecuencias socioeconómicas*.

Edita: Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 2000.

13 x 21 cm, 318 pax.

Xoaquín Fernández Leiceaga (Noia, 1961), Profesor de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela, autor de varias publicacións que relacionan a dinámica demográfica coas súas implicacións socioeconómicas, aborda neste libro, do que é director e autor de tres dos seus apartados, un dos principais problemas que afectan á poboación galega, como é o seu acelerado avellmentamento. No libro reúnense traballos de autores diversos que tentan explicar non só as causas dese avellmentamento, senón tamén as consecuencias en ámbitos tan diversos como: o mercado de traballo, cunha especial referencia ó agrario; os gastos públicos de carácter social, cunha atención particular ao subsistema sanitario; e a dinámica territorial. Con todo, lonxe de interpretacións catastrofistas, aparecen tamén novas oportunidades, así como mecanismos de compensación que poden atenuar ou mesmo inverter esas características.

XABIER A. OLARIAGA, *Poemas e Pensamentos de Vida, Amor e Morte*

Edita: Toxosoutos, Colección Nume, Noia, 1998

13 x 21 cm, 162 pax.

Como o seu título indica, reúnen-se neste libro poemas e pensamentos con que o autor nos agasalla nesta sua primeira obra de creación literaria. Poemas onde cobran vida a amizade, a soildade, a verdade, a guerra, o amor, a muller, a pátria, a língua ... A poesía, enfin, como proxección da esencia da experiencia humana. Mais tamén achamos as reflexions do poeta, verdadeiros aforismos, breves máximas ou adáxios onde condensa o seu pensamento sobre a vida, a morte, a liberdade, a ncedade, a creación literaria. Dezaotio textos con pendor filosófico que acaen ben coa personalidade deste profesor de Económicas e poeta. Mais o libro é, sobretodo, un BERRO polisémico, raiboso, amoroso, apaixonado, de amor à Terra, à língua, un berro esperanzador, inclusive.

Saudamos a aparición deste libro e, con el, a dun novo poeta da vila noiesa, e agardamos que nos ofereza nun futuro próximo novas entregas.

ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS: *Última fuxida a Harar*
Edita: Espiral Maior. A Coruña, 1992
21 x 14,5 cm, 88 páx.

Este é o último e derradeiro libro de Avilés de Taramancos, libro póstumo e testamento poético que culmina a experiencia vital e artística do inmorrente escritor de Boa. Miguel Anxo Fernán Vello, editor e prologuista do libro, poeta tamén a quem está dedicado, dinos que o autor está "enfrentado con lucidez rimbaudiana a unha morte anunciada e cruel". Foi precisamente Rimbaud (1854-1891), o poeta francés rebelde e aventureiro, o que inspirou o título deste libro pois viviu parte da súa vida en Harar (Abisinia) e non só o título senón tamén parte da obra polo paralelismo entre os dous enormes poetas.

Este libro que ten como subtítulo "Derrota e singradura" está dividido en seis partes: "O cazador no escuro", "Silva de varía fermosura", "Crónica de antigos reis", "En-psalmos para escorrentar a besta", "Cruxol de amor e cofre de olvidos" e "As armas e os Barões assinalados". O derradeiro verso do libro e un berro revolucionario: "Hai que romper, romper agora!" que resume a súa loita por unha Patria liberada. Atrás queda a serea resignación ante o inevitábel: "Meu capitán, é hora, é hora..." e a arrepiante cita de Holderlin: "Outorgádeme só outro verán...". Pero non o houbo. A primavera do 92 ficou asombrada pola súa fuxida.

XOAN X. MARIÑO: *O escultor Ferreiro*
Edición de autor. Noia, 1991
31 x 21 cm, 184 páx.

Díxose sempre que Noia era un viveiro de artistas plásticos, descoñecidos uns para o gran público como os autores de hórreos, cruceiros e retábulos e famosos outros ao longo da historia como Jenaro Carrero ou Felipe de Castro sen esquecer os Penalta, Costa, Veiras, Romero e outros que pulan na actualidade por darlle á creatividade plástica o lugar que merece na nosa cultura e na nosa vida. Pero, entre todos destaca con luz propia dentro da imaxinería galega o escultor Xosé Ferreiro Suárez (Noia, 1738 Hermisende (antes galega, hoxe zamorana), 1830) cunha obra fundamentalmente compostelá pero tamén espallada polas igrexas da nosa bisbarra como Carnota, Muros, San Ourense ou O Son.

É precisamente outro noiés, o profesor Xoán Xosé Mariño, quen fai neste libro un estudo exhaustivo da vida e obra do artista, catalogando obras descoñecidas, analisando as xa famosas e profundando na traxectoria vital e artística do escultor neoclásico. A dificultade dun traballo tan amplio e profundo como o que realiza Xoán X. Mariño vese incrementada pola dispersión da obra do artista e a cantidade delas –máis de duascentas– pero o autor sae máis que airoso do seu cometido e consegue darlle ao lector unha visión completa da figura de Ferreiro, coa apoiantura de 286 fotografías en branco e negro e 20 láminas a toda cor. Un verdadeiro agasallo para a vista e para a mente.

